- b) A Federación autonómica respectará e cumprirá a normativa da RFEA en todo aquilo que poida ter relación, directa ou indirecta, ou estrutural, coas competicións atléticas oficiais estatais e supra autonómicas, ou coas competencias da RFEA.
- c) A Federación autonómica estará representada na Asemblea Xeral da RFEA, nos termos establecidos no Regulamento electoral.
- d) O réxime disciplinario deportivo, cando se trate de competicións ou actividades oficiais de ámbito estatal ou supra autonómico, será o previsto na normativa da RFEA, e suplementariamente na lexislación estatal.
- e) A Federación autonómica ostentará, en exclusiva, a representación da RFEA na respectiva Comunidade ou Cidade Autónoma, coas limitacións e condicionantes que se determinen, entre os que constará que a firma de contratos ou convenios que poidan afectar á RFEA esixirá a súa previa conformidade.
- f) A Federación autonómica non deberá opor ningún obstáculo ou restrición para dificultar ou impedir a participación de atletas estranxeiros nas competicións que organicen, cando estes contén con residencia legal en España, sen prexuízo do establecido nas normas reguladoras e técnicas de cada competición, no referente á participación de atletas estranxeiros.
- g) A Federación autonómica deberá subscribir o Convenio único que sexa establecido pola RFEA e cumprir todas as súas obrigas.
- h) A Federación autonómica deberá aboar as cotas económicas derivadas das licenzas que lle correspondan á RFEA, nos prazos establecidos.
- i) A organización ou participación en competicións supra autonómicas de atletismo requirirá a notificación previa e expresa á RFEA para ser cualificadas ou autorizadas por esta, que poderá regular o procedemento de acordo co cal se habiliten.

**3.** Previamente á integración formal, o Consello Directivo da RFEA poderá acordar coa Federación autonómica a integración provisional, co alcance e efectos limitados que se estimen oportunos.

## **Artigo 24. Dereitos das Federacións autonómicas integradas**

**1.** De acordo co disposto nestes Estatutos, os Regulamentos e as Normativas da RFEA, así como do Convenio de integración, cada Federación deportiva autonómica de atletismo integrada terá como mínimo os seguintes dereitos:

- a) Os que deriven da súa representación na Asemblea Xeral da RFEA, como asistir, intervir e participar nas votacións que se realicen nesta.
- b) Nomear representantes para asistir e intervir nas Comisións, Grupos de traballo e outros foros organizados pola RFEA.
- c) Presentar a súa candidatura para a Comisión Delegada.
- d) Propor a celebración de acordos, organizar e xestionar campionatos ou competicións oficiais de ámbito nacional ou supra autonómico (cando se pretenda que teñan efecto no ámbito estatal ou internacional), eventos, programas e actividades na súa Comunidadee Autónoma.
- e) Presentar a súa candidatura para ser membro de aquelas Comisións que se configuren ou poidan configurarse mediante procedemento electivo.

- f) Recibir o Informe anual do Consello Directivo da RFEA, xunto con outros informes que poidan ser necesarios ou convenientes para o correcto desenvolvemento das súas funcións.
- g) Recibir as Circulares e a información oficial que se lles remita aos membros.
- h) Inscribir atletas nos Campionatos de España de Federacións autonómicas, de acordo cos Regulamentos e normativas reguladoras aplicables.
- i) Calquera outro dereito e privilexio establecido nos presentes Estatutos, Regulamentos e Normativas da RFEA.

**2.** Cando unha Federación deportiva autonómica de atletismo estea integrada na RFEA, terá autoridade delegada para adoptar decisións no seu ámbito territorial, de conformidade co disposto nestes Estatutos, os Regulamentos e as normativas da RFEA, sen que poida exceder as limitacións ou condicionantes legais ou que se establezan.

Non obstante, unha Federación deportiva autonómica de atletismo integrada non ten autoridade para actuar como axente ou representante da RFEA, nin para formalizar de forma válida ningún acordo, convenio, contrato ou compromiso en nome da RFEA, salvo o expresamente autorizado nestes Estatutos, os Regulamentos e as Normativas da RFEA, ou da existencia de autorización previa expresa e escrita do Consello Directivo da RFEA. Os actos que non se axusten ao anterior se considerarán extralimitados e carentes de habilitación, e non vincularán en modo algún á RFEA.

## **Artigo 25. Deberes e obrigas das Federacións autonómicas integradas**

**1.** De acordo co disposto nestes Estatutos, os Regulamentos e as Normativas da RFEA, así como do Convenio de integración, cada Federación deportiva autonómica de atletismo integrada terá como mínimo os seguintes deberes e obrigas:

- a) Administrar, promover e desenvolver o atletismo na súa Comunidadee ou Cidade Autónoma, de acordo cos propósitos da RFEA.
- b) Xestionar e organizar as competicións oficiais de ámbito autonómico, programas, eventos e actividades que lle sexan encomendados.
- c) Cumprir os Estatutos, Regulamentos e Normativas da RFEA, así como as normas de World Athletics e European Athletics no que resulten de aplicación.
- d) Cumprir en todo momento as obrigas establecidas no convenio de integración.
- e) Proporcionar os informes e a información que lle sexa solicitada por parte da RFEA, de conformidade co disposto na lexislación vixente, o Convenio de integración e a regulación da RFEA, ou cando sexa requirida para facelo.
- f) Presentarlle un Informe anual á RFEA, co contido que se estableza nos Regulamentos ou Normativas da RFEA.
- g) Ter un funcionamento democrático, e elixir democraticamente á persoa que ocupe a presidencia e ás que integren os seus órganos de goberno e representación.
- h) Participar de maneira efectiva polo menos nunha competición ou nun campionato nacional en cada tempada deportiva, salvo que, atendendo ás singulares circunstancias territoriais ou doutra natureza que poidan existir, e de xeito xustificad, non sexa posible facelo.
- i) Manter o recoñecemento oficial da súa Comunidadee ou Cidade Autónoma, así como persoalidade xurídica propia, un patrimonio propio e diferenciado e presuposto e réxime xurídico particular, de conformidade coa lexislación autonómica aplicable.
- j) Adoptar uns Estatutos, Regulamentos e Normativas propios que cumpran e non sexan incompatibles cos presentes Estatutos, así como, cos Regulamentos, normativas, políticas e procedementos da RFEA.

**2.** Os Presidentes das Federacións deportivas autonómicas integradas de atletismo aseguraranse de que os deberes e as obrigas establecidos no presente artigo, e todas aquelas outras que resulten de aplicación por vía normativa ou convencional, sexan cumpridas pola Federación que presiden.

## **Artigo 26. Incumprimentos e conflitos**

**1.** Cando se produza un incumprimento do Convenio de integración por parte dalgunha das Federacións autonómicas integradas de atletismo, o Consello Directivo da RFEA valorará as accións a adoptar. O devandito procederá, en particular, cando:

- a) Incumpra a normativa ou os requirimentos da RFEA relativos á organización ou ao desenvolvemento das competicións oficiais de ámbito estatal e/ou supra autonómico.
- b) Incumpra as obrigas establecidas en materia de expedición de licenzas e notificación da información sobre as entidades e persoas físicas afiliadas.
- c) Se solicite formalmente a admisión nunha Federación deportiva internacional ou Asociación deportiva internacional relacionada co atletismo da que sexa membro a RFEA. No suposto de que se inicien negociacións con dito obxecto, a RFEA poderá suspender cautelarmente a integración da Federación ata que non se renuncie formal e expresamente.
- d) Leve a cabo competicións oficiais de carácter internacional, estatal sen a autorización previa e expresa da RFEA, ou competicións supra autonómicas vulnerando o procedemento establecido pola RFEA.
- e) Incumpra as obrigas económicas asumidas coa RFEA.
- f) Se extralimite na función de representación da RFEA no seu territorio, en particular cando exista ou poida existir xeración de prexuízos económicos ou reputacionais.
- g) Incumpra os Estatutos, Regulamentos, Normativas, políticas e Procedementos da RFEA, ou os acordos dos órganos da RFEA.
- h) Cometa algún incumprimento do Convenio de integración.
- i) Cometa algún outro incumprimento expresamente establecido ou asumido.

Advertido o incumprimento dalgunha das obrigas ou deberes anteriores, a RFEA valorará a súa natureza e entidade e optará por dirixirle á Federación autonómica unha comunicación instando á súa non reiteración, concederlle un prazo para proceder á súa cesación ou corrección (co fin de volver a situarse nunha posición de cumprimento), denuncialo aos órganos disciplinarios competentes ou, no suposto de que o incumprimento fora especialmente grave e/ou reiterado e/ou persistente, a instar directamente o procedemento de desintegración.

No suposto de procederse á tramitación de denuncia disciplinaria, directamente ou por non atender o requirimento de cesación ou corrección, o órgano competente e as sancións a impoñer por dita causa serán as previstas no Regulamento disciplinario da RFEA. Entre as posibles sancións a impoñer por dita causa deberán preverse necesariamente as de apercibimento público, inhabilitación do responsable do incumprimento e a suspensión temporal de dereitos como integrante da RFEA.

O procedemento de desintegración por causa de incumprimento rexeráse regulamentariamente, de acordo co disposto nos seguintes artigos.

**2.** A solución dos conflitos que poidan xurdir entre a RFEA e as Federacións autonómicas de atletismo integradas, que non sexan constitutivos de incumprimento determinante de infracción disciplinaria nin de causa de desintegración someteranse, en primeira instancia, a unha Comisión paritaria conformada polas presidencias e ata tres membros designados por cada unha das Federacións implicadas, podendo contar cada parte con ata dous asesores externos.

De non existir acordo no prazo de tres meses, a solución do conflito someterase á mediación do órgano que acorden as partes.

Se no prazo de tres meses tampouco se alcanzara acordo algún, a solución do conflito poderá someterse ao sistema de solución extraxudicial establecido nos Estatutos da RFEA, a outro alternativo, ou exporse ante os órganos xurisdiccionais competentes.

Cando a natureza ou as posibles consecuencias do conflito precisen dunha solución urxente ou inmediata, finalizada a reunión a que fai referencia o primeiro parágrafo do presente apartado,

poderá acudirse directamente ás opcións indicadas no parágrafo anterior, podendo o Consello Directivo da RFEA adoptar as medidas provisionais ou cautelares que sexan necesarias, xustificadas e proporcionadas, cuxos efectos só poderán ter efectos nos ámbitos internacional, estatal e supra autonómico.

## **Artigo 27. Procedemento de desintegración**

**1.** O procedemento de desintegración, a instancia da RFEA, dunha Federación deportiva autonómica de atletismo integrada, que se regulará regulamentariamente, aterase ás seguintes directrices:

- a) Iniciarase por medio de acordo do Consello Directivo da RFEA, que lle será notificado tanto á Federación autonómica afectada como aos membros da Asemblea Xeral.
- b) Designarase un instrutor, titulado en Dereito, e un secretario, con dita condición, que poderán ser obxecto de recusación nos termos previstos na lexislación administrativa.
- c) No suposto de que os incumprimentos foran de extraordinaria gravidade, ou puideran xerar prexuízos importantes e irreparables, poderán adoptarse medidas provisionais ou cautelares por parte da Comisión Delegada, incluíndo a suspensión provisional da integración, debidamente motivada e proporcional, que será recorrible ante a Asemblea Xeral.
- d) O procedemento garantirá o dereito de audiencia e a proposición e práctica de probas. A proposta de resolución, caso de propoñer a desintegración, notificaráselle á Federación autonómica, á Comisión Delegada e, de existir, á asesoría xurídica, para que emitan un informe non vinculante; o Consello Directivo da RFEA emitirá outro informe sobre a situación entre ambas entidades, a efectos da desvinculación de relacións xurídicas e económicas.
- e) Emitidos os informes, ou transcorrido o prazo establecido sen facelo, a proposta de desintegración someterase á Asemblea Xeral da RFEA, que procederá a adoptar o acordo que proceda, por maioría simple e sen que sexa posible a participación na votación dos membros da Federación afectada, dado o conflito de intereses existente, que non obstante si contarán con voz na mesma.
- f) Se a Asemblea Xeral aproba a desintegración, o acordo notificaráselle á Federación autonómica, sendo inmediatamente executivo desde a notificación salvo que contemple a tal fin unha data específica para iso.
- g) Entre a incoación do procedemento e a adopción do acordo pola Asemblea Xeral non poderán transcorrer máis de seis meses, ampliables por outros seis máis polo Consello Directivo.

**2.** Cando unha Federación deportiva autonómica de atletismo integrada desexa desintegrarse da RFEA, previa adopción dun acordo nese sentido aprobado polos seus órganos competentes, remitiralle a solicitude, debidamente motivada, á RFEA, cun aviso previo de cando menos tres meses, e sen que a mesma poida ter efecto ata o termo da tempada deportiva en curso.

Emitiranse os informes indicados no apartado anterior, que lle serán notificados á Federación autonómica actuante aos efectos oportunos.

**3.** A desintegración dunha Federación deportiva autonómica de atletismo na RFEA será remitida ao Consello Superior de Deportes, para a súa ratificación e inscrición no Rexistro estatal de entidades deportivas.

**4.** Producida a desintegración dunha Federación deportiva autonómica de atletismo, poderá producirse a súa reintegración, mediante un Procedemento que se desenvolverá regulamentariamente e que poderá ser ordinario ou abreviado.

Mediante o Procedemento ordinario se procederá a negociar e chegar a un acordo para a subscripción dun novo Convenio de integración.

A través do procedemento abreviado poderase readmitir, por acordo da Comisión Delegada da RFEA adoptado por maioría absoluta dos presentes e dándolle conta á Asemblea Xeral, a unha Federación autonómica desintegrada, cando o motivo da desintegración teña consistido en

incumprimentos que dita Federación teña emendado de xeito válido e fidedigna, con compromiso expreso de non reiteralo, e se teñan reparado previamente os prexuízos xerados.

## **Artigo 28. Delegacións RFEA**

**1.** Cando unha Cidade ou Comunidade Autónoma non conte con Federación deportiva autonómica de atletismo, ou esta non estea integrada na RFEA, constituirase naquela unha Delegación, que terá por obxecto o desenvolvemento da actividade atlética estatal ou que habilite para a participación nas competicións estatais ou internacionais.

A súa constitución será notificada aos órganos autonómicos competentes en materia de deporte, e a todas as persoas físicas e xurídicas relacionadas co atletismo das que se teña constancia, con respecto á lexislación vixente en materia de protección de datos.

**2.** As Delegacións RFEA son órganos periféricos da Federación que poderán dispor dunha estrutura administrativa propia, pero que carecen de persoalidade xurídica e capacidade de obrar. O seu patrimonio e presuposto estarán integrados nos da RFEA, coa debida separación, que permitirá coñecer en todo momento os seus recursos e a súa situación económica. Poderán recibir axudas e subvencións, que serán notificadas e xustificadas.

**3.** Á fronte de cada Delegación RFEA estará un Delegado, que será o representante da Federación na Cidade ou Comunidade Autónoma. Será nomeado e cesado pola persoa que ocupe a presidencia da RFEA, oído o Consello Directivo, nos termos que se desenvolvan regulamentariamente e seguindo criterios democráticos e representativos.

**4.** Os Delegados RFEA terán idéntica consideración que a presidencia das Federacións deportivas autonómicas de atletismo integradas, e as Delegacións RFEA idéntica consideración que as Federacións autonómicas integradas. Neste sentido, ditos Delegados formarán parte da Asemblea Xeral se así o admite a lexislación vixente, sen prexuízo de poder asignarse a representación a outra persoa nos termos que regulamentariamente se establezan, e as distintas Delegacións formarán parte e intervirán en todos os órganos, comités, comisións ou grupos de traballo que contén con representación ou participación das Federacións autonómicas integradas.

**5.** Calquera tipo de relación entre unha Delegación RFEA e a Federación deportiva autonómica non integrada existente na Comunidade ou Cidade Autónoma requirirá da autorización previa e expresa da presidencia ou do Consello Directivo da RFEA.

## **TÍTULO IV: DA ESTRUTURA ORGÁNICA DA RFEA**

### **Artigo 29. Dos órganos da RFEA**

**1.** A RFEA articula a súa estrutura orgánica, suxeita a principios democráticos e representativos, a través das seguintes clases de órganos:

1. De goberno e representación
2. Complementarios
3. Disciplinarios
4. De competición
5. Electorais
6. De solución extraxudicial de conflitos
7. Técnicos-Deportivos
8. De funcionamento interno
9. De control

**2.** Constitúese no seno da RFEA a Unidade de Integridade, que agrupará os órganos que constan no Capítulo dedicado á súa regulación.

### **Artigo 30. Do Regulamento de goberno e organización interna**

**1.** O Regulamento de goberno e organización interna da RFEA, que se axustará ao contido básico dos presentes Estatutos, establecerá a estrutura orgánica federativa, a composición de cada órgano, as súas funcións e competencias e a forma de designación ou elección dos seus membros, así como todo o necesario para o seu funcionamento. Tamén regulará os dereitos, deberes, incompatibilidades e réxime de responsabilidade dos membros dos distintos órganos federativos.

Exceptúanse do indicado no parágrafo anterior:

- a) Os órganos electorais, cuxa regulación constará no Regulamento Electoral.
- b) Os órganos disciplinarios, cuxa regulación constará no Regulamento disciplinario.

**2.** A RFEA, atendendo a criterios de eficacia, poderá unificar ou agrupar funcionalmente varios órganos, sempre que isto non sexa contrario á lexislación vixente ou as normas e compromisos asumidos con World Athletics ou European Athletics.

Cando afecte a órganos dunha mesma clase, dita decisión será competencia do Consello Directivo, e se fora competencia de órganos de distinta clase, da Comisión Delegada.

### **Artigo 31. Do nomeamento e réxime básico de responsabilidade dos membros dos órganos da RFEA**

**1.** O nomeamento como integrante dos órganos unipersoais ou colexiados da RFEA, que estará regulado nos presentes Estatutos e será obxecto de desenvolvemento no Regulamento de goberno e réxime interno, poderá ser:

- a) Por elección, cando previamente teña lugar para tal fin un proceso electivo.
- b) Por libre designación, cando un órgano teña competencia para designar directamente á persoa ou persoas que integrarán outro/s.
- c) Con carácter nato, cando a lexislación ou normativa aplicable estableza que un determinado órgano estará formado necesariamente por determinada/s persoa/s físicas e/ou xurídicas.

**2.** Sen prexuízo do seu desenvolvemento a través do Regulamento de goberno e organización interna:

- a) A presidencia da RFEA responderá a nivel corporativo do contido e das consecuencias dos actos que adopte e dos acordos en que participe. Así mesmo, responderá persoalmente ante



a RFEA, os seus membros e outros terceiros, previo exercicio da correspondente acción de responsabilidade, cando con ocasión de ditos actos e acordos se xeren danos, mediando dolo ou negligencia imputables, o que resulta extensivo ás obrigas civís, mercantís, administrativo-públicas e calquera outra na que tivera incorrido a RFEA coa súa intervención directa ou omisión do deber de supervisión cando estea atribuído. Dita posible responsabilidade será obxecto de salvagarda por parte da RFEA cando o presidente non perciba retribución polo seu labor, se así o aproba a Asemblea Xeral, cos límites que se establezan.

- b) Os membros dos órganos directivos, de representación e de xestión da RFEA responderán a nivel corporativo do contido e consecuencias dos actos que adopten e dos acordos en que participen. Así mesmo, responderán persoalmente ante a RFEA, os seus membros e outros terceiros, previo exercicio da correspondente acción de responsabilidade, cando con ocasión de ditos actos e acordos se xeren danos, mediando dolo ou negligencia grave imputables, o que resulta extensivo ás obrigas civís, mercantís, administrativo-públicas e calquera outra na que tivera incorrido a RFEA coa súa intervención directa ou omisión do deber de supervisión cando estea atribuído. Dita posible responsabilidade será obxecto de aseguranza pola RFEA cando os interesados non perciban retribución polo seu labor, cos límites que estableza a Comisión Delegada.

**3.** Sen prexuízo do seu desenvolvemento a través do Regulamento de gobernanza e organización interna, a presidencia, as persoas con funcións directivas e os membros dos órganos con funcións directivas, en particular con capacidade para realizar contratacións de bens e servizos para a RFEA ou os seus integrantes, atoparanse en situación de conflito de intereses, debendo advertilo e absterse de intervir en modo algún en ningunha fase do proceso de adopción de acordos sobre o particular salvo que sexan previa e expresamente autorizados polos órganos competentes para tal fin, previo informe nos seguintes supostos:

- a) Cando a adopción dos acordos poida representar, directa ou indirectamente, unha vantaxe económica ou patrimonial en beneficio propio ou dunha persoa xurídica ou física coa que se teña ou tivese mantido unha especial relación ou vinculación, de tipo asociativo, societario, voluntario, familiar ou de íntima ou notoria amizade.
- b) Cando a adopción de ditos acordos poida representar, directa ou indirectamente, un beneficio ou unha vantaxe non patrimonial en beneficio propio ou das persoas ou entidades anteriormente indicadas.
- c) En todos aqueles casos nos que a concorrencia da súa posición na RFEA coa que ostenta noutros ámbitos poda xerar intereses contraditorios ou contrapostos.

Aos efectos previstos neste apartado, non se considerará conflito de intereses a intervención nos órganos da RFEA, na súa condición propia ou como representante electo, cando a adopción dos acordos e decisións poida ter efectos sobre o propio integrante da RFEA, en dita condición, como consecuencia das atribucións asignadas a dito órgano.

Cando se considere que algunha das persoas a que fai referencia o presente apartado incorre en conflito de intereses, comunicaráselle ao Delegado de cumprimento normativo e ao presidente do órgano afectado ou, de tratarse dunha persoa que non actúe no marco dun órgano colexiado, ao presidente da RFEA, podendo empregar tamén a canle interna de denuncias.

A vulneración da prohibición de conflitos de interese, previa verificación a través do procedemento establecido a tal efecto motivará, no caso dos cargos de libre designación, a revogación ou cesación por quen o nomeou, e no caso dos cargos electos, a posibilidade de iniciar un expediente de revogación, sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias en que se tivera incorrido.

## **Artigo 32. Da cesación dos membros dos órganos da RFEA**

Sen prexuízo das demais causas concretas que poidan constar no Regulamento de goberno e organización interna, ou na regulación estatutaria básica de cada un dos órganos, son causas xerais de cesación como integrante dos distintos órganos da RFEA:

1. No caso das persoas físicas:

- a) A defunción ou incapacitación.
- b) A disolución ou desintegración da RFEA da entidade á que representan, ou a perda do carácter representativo de dita entidade, cando fora requisito ou causa para o nomeamento.
- c) A expiración do mandato para o que foran elixidas.
- d) A renuncia voluntaria ou dimisión.
- e) Incorrer en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade, legal ou estatutaria.
- f) Ser cesadas por quen as nomeou, no caso de órganos de libre designación.
- g) Ser obxecto de sanción disciplinaria de suspensión ou inhabilitación.
- h) No caso da persoa que ocupe a presidencia, a aprobación dunha moción de censura.
- i) No caso das persoas que ocupen a presidencia e o Consello Directivo, ser condenadas por Sentencia firme.

2. No caso das persoas xurídicas:

- a) A disolución, perda da condición de membro ou desintegración da RFEA da entidade.
- b) A expiración do mandato para o que foran elixidas.
- c) A renuncia voluntaria ou dimisión.
- d) Ser cesadas por quen as nomeou, no caso de órganos de libre designación.
- e) Ser obxecto de sanción disciplinaria que implique a suspensión de dereitos como afiliado.

3. De igual modo, poderá acordarse, de xeito motivado, a suspensión cautelar como membro do órgano, cando existan indicios da existencia de circunstancias que poidan ser determinantes de causa de cesación, en tanto se procede á súa verificación.

## **CAPÍTULO I: ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN**

### **SECCIÓN PRIMEIRA: DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### **Artigo 33. Órganos de goberno e representación**

1. Son órganos de goberno e representación aqueles cuxa designación ou composición, que deberá traer causa dun proceso electivo previo, dirixan a actividade da Federación e exerzan a súa representación.

Son órganos de goberno da RFEA:

- a) A Asemblea Xeral
- b) A Comisión Delegada da Asemblea Xeral

Son órganos de representación da RFEA:

- c) A Presidencia

2. A regulación de ditos órganos establecerase no Regulamento de Goberno e organización interna da RFEA, sen prexuízo do disposto nos presentes Estatutos, e da aplicabilidade directa da lexislación e normativa aplicable.

### **SECCIÓN SEGUNDA: DA ASEMBLEA XERAL**

### **Artigo 34. Consideracións básicas**

**1.** A Asemblea Xeral é o órgano superior de goberno da RFEA e do deporte do atletismo en España.

**2.** A Asemblea Xeral estará composta por:

- a) A persoa que ocupe a presidencia da Federación.
- b) **O representante designado polas** Federacións deportivas autonómicas de atletismo integradas ou, no seu caso, as Delegacións RFEA, nos termos que se establezan regulamentariamente.
- c) A representación das entidades deportivas, atletas, adestradores, xuíces e outros colectivos interesados (organizadores e representantes de atletas) que sexan membros da RFEA e sexan elixidos a tal fin mediante o oportuno proceso electoral.

**3.** Os membros electos da Asemblea Xeral serán elixidos cada catro anos, coincidindo cos anos de celebración dos Xogos Olímpicos de verán, por medio de sufraxio libre, igual, directo e secreto, por e entre os compoñentes de cada estamento atlético, de acordo coas disposicións electorais vixentes.

No caso de producirse vacantes na Asemblea Xeral antes da finalización do mandato, procederase de acordo co disposto no regulamento electoral.

**4.** A Asemblea Xeral poderá reunirse en sesión ordinaria ou extraordinaria, ou adoptar acordos a través de procedemento escrito, de acordo co disposto nos seguintes artigos.

### **Artigo 35. Composición e distribución**

**1.** A Asemblea Xeral da RFEA estará composta polo número de membros que estableza a lexislación vixente, ou no seu defecto, polo que estableza o Regulamento electoral que se aprobe para dito efecto, respectando o Dereito imperativo aplicable.

Cando a lexislación vixente non estableza número de membros senón intervalos, o número concreto, en xeral e por estamentos, será fixado pola Comisión Delegada, debendo ser posteriormente ratificado pola Asemblea Xeral.

As variacións que se poidan producir nos estamentos anteriormente indicados, durante o mandato, non será causa de modificación da composición da Asemblea Xeral, que se manterá ata a súa renovación no seguinte proceso electoral.

**2.** O Regulamento Electoral incorporará os criterios de paridade, que deberán cumprirse na presentación de candidaturas e/ou elección dos representantes dos estamentos, sempre que sexa posible, aténdose en todo caso ás disposicións legais aplicables.

### **Artigo 36. Lugar de celebración**

**1.** A data e lugar de celebración de cada Asemblea Xeral será decidida polo Consello Directivo. A convocatoria incluíra a orde do día e a documentación anexa.

A convocatoria e o desenvolvemento das reunións da Asemblea Xeral axustarase ao disposto nos presentes Estatutos e os Regulamentos e Normativas de desenvolvemento.

**2.** Como norma xeral, as reunións da Asemblea Xeral son presenciais, e os gastos de asistencia ás mesmas serán sufragados pola RFEA, nos termos que se establezan a tal efecto.

Non obstante, o Consello Directivo da RFEA poderá acordar, por causa xustificada ou extraordinaria, que a reunión da Asemblea Xeral se celebre por medios telemáticos, sen a presenza física de ningún dos membros.

En tal caso, o sistema que se utilice será de acceso restrinxido e deberá garantirse a seguridade, integridade, confidencialidade e autenticidade da información, incluíndo o posible segredo das votacións.

### **Artigo 37. Asistencia ás Asembleas Xerais**

Ás Asembleas Xerais da RFEA poderán asistir:

- A) Con voz e voto, os seus membros de pleno dereito.
- B) Con voz, pero sen voto, previa invitación ou autorización do Presidente:
  - a) O presidente do Consello Superior de Deportes, ou a persoa na que delegue.
  - b) O presidente do Comité Olímpico Español, ou a persoa na que delegue.
  - c) Os presidentes de World Athletics e/ou European Athletics, ou as persoas nas que deleguen.
  - d) O anterior presidente da RFEA.
  - e) As persoas que formen parte do Consello Directivo da RFEA, World Athletics e European Athletics.
  - f) As persoas que ocupen a Dirección Executiva, a Comisión Executiva, a presidencia do CENFA e o CENAED, a dos Comités, Comisións e áreas funcionais da RFEA.
  - g) As persoas que sexan invitadas ou convocadas pola presidencia, atendendo ás materias a abordar, e en particular, asesores e auditores.
  - h) Aquelas outras persoas que así o teñan recoñecido legal, estatutaria ou regulamentariamente.
- C) Como observadores, sen voz (salvo autorización da presidencia) nin voto, previa solicitude e autorización expresa do Presidente:
  - a) Os ex presidentes da RFEA.
  - b) Os empregados ou colaboradores da RFEA.
  - c) Os membros de Comités, Comisións e Grupos de Traballo ou outros grupos designados polo Consello Directivo.
  - d) Outras persoas con vinculación coa RFEA ou o atletismo.

### **Artigo 38. Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria**

- 1.** A Asemblea Xeral da RFEA reunirse polo menos unha vez ao ano, con carácter ordinario, para abordar e decidir sobre as seguintes materias:
- a) A aprobación do calendario deportivo.
  - b) A aprobación do proxecto de presuposto do exercicio seguinte.
  - c) A aprobación do informe de bo goberno.
  - d) A renovación ou ratificación dos cargos anuais.

A convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria poderá incorporar calquera dos outros puntos adicionais da orde do día, sen necesidade de realizar unha convocatoria anterior ou posterior de Asemblea Xeral Extraordinaria.

- 2.** Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a Asemblea Xeral da RFEA poderá reunirse con carácter extraordinario tantas veces como sexa necesario, a iniciativa da presidencia da RFEA, por acordo da Comisión Delegada ou a petición dun número de membros da Asemblea Xeral non inferior ao 30%, nos termos que se establezan regulamentariamente.

## **Artigo 39. Competencias**

Son competencias da Asemblea Xeral da RFEA:

- a) As previstas no artigo anterior para a Asemblea Xeral ordinaria
- b) A elección da persoa que ocupe a presidencia da RFEA.
- c) A elección e cesación dos membros da Comisión Delegada da Asemblea Xeral así como a provisión das vacantes que se produzan nesta durante o seu mandato.
- d) A moción de censura ao Presidente, na forma regulada nos presentes Estatutos e o Regulamento Electoral, que requirirá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros que a integran.
- e) A aprobación e modificación dos Estatutos da RFEA, que requirirá maioría de polo menos 2/3 dos membros presentes.
- f) O traslado do domicilio social da RFEA, que requirirá maioría de polo menos 2/3 dos votos presentes por ser unha modificación de Estatutos.
- g) A aprobación das contas anuais e liquidación do presuposto do exercicio anterior.
- h) A concesión do título de Presidente Honorario Vitalicio.
- i) A aprobación do gravame ou peñoramento dos bens inmobles da RFEA, cando o importe da operación sexa igual ou superior ao 10 por cento do seu presuposto, sen prexuízo do cumprimento dos demais requisitos que poidan ser imperativos na lexislación vixente. Este acordo necesitará contar coa maioría de polo menos 2/3 dos membros presentes.
- j) A análise, e no seu caso aprobación, das propostas presentadas polo Consello Directivo e os membros da Asemblea Xeral, presentadas na forma e condicións que se determinen regulamentariamente.
- k) O establecemento dun sistema extraxudicial común de solución de conflitos, cando non estea expresamente previsto estatutaria o regulamentariamente.
- l) A elección dos membros da Comisión de control económico ou do Delegado de control económico, a proposta do Consello Directivo.
- m) A elección dos membros dos órganos disciplinarios, a proposta do Consello Directivo.
- n) A desintegración das Federacións deportivas autonómicas de atletismo integradas.
- o) A fixación da contía das cotas das distintas licenzas.
- p) A disolución e liquidación da RFEA, nos termos regulados nos presentes Estatutos e regulamentos que poidan desenvolverlos.
- q) Todas aquelas outras materias establecidas legal, estatutaria ou regulamentariamente, ou que sendo competencia da Asemblea Xeral non o sexan da de carácter ordinario.

## **Artigo 40. Convocatoria, quórum e desenvolvemento**

**1.** A Asemblea Xeral será obxecto de previa convocatoria por parte da presidencia da RFEA, que se notificará por medio da persoa que ostente a Dirección executiva a todos os seus membros e será obxecto de pública difusión (sen prexuízo de que toda ou parte da documentación anexa poida excluírse de dita publicidade) coa antelación que se determine regulamentariamente, que non poderá ser inferior a trinta días naturais no caso da Asemblea Xeral Ordinaria, nin a dez días naturais no caso das Asembleas Xerais Extraordinarias.

Por causa xustificada, o prazo de preaviso da convocatoria poderá reducirse á metade, e a documentación anexa á convocatoria poderá remitirse cunha antelación mínima de cinco días naturais, salvo a referida ao presuposto e ás contas anuais, que deberá ser remitida con polo menos quince días naturais.

No caso de necesidade extraordinaria, grave e urxente, e previo acordo da Comisión Delegada, a Asemblea Xeral poderá convocarse cunha antelación mínima de 48 horas.

**2.** A convocatoria da Asemblea Xeral deberá especificar, polo menos:

- a) O lugar, a data e a hora de celebración.
- b) A orde do día.
- c) A documentación que se vaia remitir para poder valorar os puntos da orde do día.
- d) O formato, presencial ou telemático, no que se celebre.

**3.** A válida constitución da Asemblea Xeral requirirá que, á hora prevista para o seu comezo estea presente polo menos un terzo do número total de membros con dereito a voto. Se non fora así, aprazarase por espazo dunha hora, transcorrida a cal será válida a súa constitución con polo menos un 25% de membros con dereito a voto, sen prexuízo do quórum reforzado que para a aprobación de determinadas materias poidan establecer os presentes Estatutos e os seus Regulamentos de desenvolvemento.

**4.** A presidencia da Asemblea Xeral lle corresponderá ao que o sexa da RFEA (salvo o previsto con ocasión dunha moción de censura), ou en caso de ausencia, ao Vicepresidente primeiro da Federación. De non poder asistir tampouco este, o Consello Directivo designará a tal fin a un dos Vicepresidentes restantes. En caso de ausencia ou incapacidade sobrevida dos anteriores, presidirá a Asemblea o membro de pleno Dereito de maior idade de entre os presentes.

A presidencia da Asemblea dará esta por validamente constituída, ordenará os debates, poderá modificar a orde dos puntos da orde do día, concederá e retirará a palabra, ordenará desaloxala á persoa que obstaculice gravemente o seu desenvolvemento, poderá acordar a realización de recesos, dirixirá as votacións, disporá de voto de calidade en caso de empate e a dará por concluída, sen prexuízo de poder adoptar as decisións que sexan necesarias para o seu normal desenvolvemento e as que estean previstas estatutaria ou regulamentariamente.

**5.** Como norma xeral, os acordos adoptaranse por maioría simple dos presentes, sen prexuízo dos posibles quórum ou maiorías reforzadas previstas legal ou estatutariamente. Para a súa validez, deberán constar na orde do día remitida coa convocatoria. O Procedemento de votación será o de mano alzada, salvo que por parte da presidencia ou a petición de polo menos un 10% dos asistentes se solicite que sexa secreta, en cuxo caso efectuarase de modo que se poida garantir a confidencialidade dos votos emitidos.

Das Asembleas Xerais levantarase acta na forma prevista estatutaria ou regulamentariamente, que deberá ser aprobada na seguinte reunión ou ser obxecto de verificación no prazo máximo de sete días naturais por dous asistentes que se designen por e entre os asistentes á mesma. Será obxecto de pública difusión, podéndose limitar de esta determinadas informacións que se consideren confidenciais.

## **SECCIÓN TERCEIRA: DA COMISIÓN DELEGADA DA ASEMBLEA XERAL**

### **Artigo 41. Composición e funcionamento**

**1.** A Comisión Delegada da Asemblea Xeral da RFEA estará formada por quince vogais e pola persoa que ocupe a presidencia da RFEA, que a presidirá, actuando como secretario da mesma o Director Executivo ou a persoa na que delegue, que actuará con voz pero sen voto.

Os seus membros serán elixidos por e entre os da Asemblea Xeral na primeira reunión que se celebre tras concluír cada proceso electoral cuadrienal, por medio de sufraxio libre, igual, directo e secreto e sen admitirse voto por correo nin delegación de voto.

A súa composición e distribución será a prevista na lexislación aplicable, e no suposto de que admita un número ou proporcións variables, estarase ao maior número de membros e á representación porcentual media por sector ou estamento.

En calquera caso, ningunha Federación autonómica ou Delegación RFEA terá máis de tres membros na Comisión Delegada.

**2.** O procedemento e prazos para a elección dos membros da Comisión Delegada será o previsto no Regulamento electoral da RFEA.

No suposto de producirse vacantes na mesma restando doce meses ou máis para a finalización do mandato, estas cubriranse asignando o posto ao seguinte candidato máis votado no proceso de elección ou, no seu defecto, realizándose unha nova votación na seguinte Asemblea Xeral, entre os integrantes do ámbito representado.

**3.** O funcionamento da Comisión Delegada, que se reunirá polo menos con carácter cuadrimestral, será o previsto no Regulamento de goberno e organización interna da RFEA, aplicándose suplementariamente a regulación prevista para a Asemblea Xeral.

**4.** A falta de asistencia ás reunións da Comisión Delegada, sen xustificación, durante tres sesións consecutivas ou cinco alternas será motivo de cesación na mesma.

## **Artigo 42. Funcións e competencias**

A Comisión Delegada terá as seguintes funcións e competencias:

- a) A elaboración dun informe previo á aprobación do presuposto, que poderá consistir na ratificación do que realice o Comité ou Delegado de control económico.
- b) A elaboración dun informe previo sobre a actividade económica da RFEA, que se lle remitirá á Asemblea Xeral xunto coa liquidación de contas do exercicio anterior, e que poderá consistir na ratificación do que realice a Comisión ou o Delegado de control económico.
- c) A elaboración dun informe anual derivado do seguimento da actividade atlética.
- d) A modificación do calendario de competicións previamente aprobado pola Asemblea Xeral.
- e) A modificación do presuposto previamente aprobado pola Asemblea Xeral.
- f) A aprobación e/ou modificación dos diferentes Regulamentos da RFEA.
- g) A aprobación do Plan de Riscos da RFEA.
- h) A aprobación do gravame ou peñoramento dos bens inmobles da RFEA, cando o importe da operación sexa inferior ao 10 por cento do seu presuposto, sen prexuízo do cumprimento dos demais requisitos que poidan ser imperativos na lexislación vixente. Este acordo necesitará contar coa maioría de polo menos 2/3 dos votos presentes.
- i) Velar polo bo funcionamento e garantir a independencia do Órgano de cumprimento.
- j) Calquera outra materia que a Asemblea Xeral poida delegarlle ou encomendarlle expresamente, sempre que iso sexa legalmente posible.
- k) Todas aquelas outras funcións e competencias que teña atribuídas legal, estatutaria o regulamentariamente.

A iniciativa para o exercicio das competencias relativas aos apartados d), e) e f) corresponderalle exclusivamente á presidencia da RFEA ou a dous terzos dos membros da propia Comisión Delegada.

## **SECCIÓN CUARTA: DA PRESIDENCIA DA RFEA**

### **Artigo 43. Configuración**

#### **1. Concepto**

A presidencia da RFEA é o máximo e principal órgano executivo e exerce a representación da Federación no ámbito nacional e internacional, ante todo tipo de institucións e organismos públicos e privados, de carácter deportivo, gubernativo ou de calquera natureza.

#### **2. Requisitos de elixibilidade e mandatos**

A persoa que ocupe a presidencia da RFEA, que deberá cumprir os requisitos de elixibilidade legal, estatutaria e regulamentariamente previstos, será elixida para un período de catro anos pola Asemblea Xeral, seguindo o disposto no Título referido aos procesos electorais dos presentes estatutos e o Regulamento Electoral.

A persoa que ocupe a presidencia da RFEA non poderá ocupar ningún cargo directivo en entidades deportivas estatais entre cuxos fins figure a práctica do deporte atlético, nin ter a condición de directivo en ningunha outra Federación deportiva española ou autonómica.

O número máximo de mandatos como Presidente da RFEA será de tres consecutivos.

### **3. Vinculación e retribucións**

A persoa que ocupe a presidencia da RFEA quedará vinculada con esta mediante unha relación laboral especial de alta dirección, tendo dereito á compensación dos gastos que deba asumir como consecuencia directa do desempeño do seu cargo.

A súa retribución, que se fará pública na páxina web da RFEA, será aprobada ou ratificada anualmente por parte da Asemblea Xeral.

Dita remuneración, que concluirá ao finalizar o seu mandato non podendo prorrogarse ao termo do mesmo, non poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a Federación.

### **4. Substitucións**

En caso de ausencia, imposibilidade temporal ou cesación do Presidente, asumirá as súas funcións o Vicepresidente primeiro, e no seu defecto, o resto de Vicepresidentes, segundo a orde que a presidencia teña establecido a tal efecto. De non estar definida dita orde, a sucesión realizarase de maior a menor idade, entre os Vicepresidentes, e posteriormente entre os Vogais do Consello Directivo.

### **5. Cesación**

A persoa que ocupe a presidencia da RFEA cesará no seu cargo:

- a) Por expiración do mandato para o que resultara elixida.
- b) Por falecemento ou incapacidade legalmente declarada.
- c) Por dimisión ou renuncia, a petición propia.
- d) Por aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e) Por incorrer nalgunha das incompatibilidades establecidas para o desempeño de seu cargo.
- f) Coa presentación da súa candidatura, no suposto de que ostente a Presidencia da Comisión Xestora.
- g) Por ter sido condenado por delito, existindo Sentencia firme.
- h) Por non superar a ratificación da Asemblea Xeral, adoptada por maioría absoluta dos membros presentes con dereito a voto, cando sexa obxecto de procesamento e/ou de condena penal non firme. A convocatoria para dita ratificación deberá ser efectuada polo Vicepresidente 1º e celebrarse no prazo máximo dun mes desde que se tivese constancia de dita circunstancia, seguíndose suplementariamente os trámites da moción de censura, debidamente adaptados (a excepción da porcentaxe de peticionarios, a presentación de candidato alternativo, etc.).
- i) Polas demais causas que determinen os presentes estatutos ou a lexislación aplicable.

## **Artigo 44. Funcións e responsabilidades**

**1.** A persoa que ocupe a presidencia da RFEA asumirá as seguintes funcións e atribucións, que poderá delegar dentro das limitacións legal e estatutariamente establecidas:

- a) Ostentar a máxima representación legal da RFEA ante os integrantes da Federación, e ante toda clase de autoridades, organismos públicos e privados, xulgados e tribunais, entidades, corporacións, particulares, nacionais ou internacionais.
- b) Presidir a Asemblea Xeral, a Comisión Delegada, o Consello Directivo e o Comité Executivo, así como (salvo disposición específica noutro sentido) todos os demais órganos e comités dos que forme parte, dispoñendo de voto de calidade en caso de empate na adopción dos seus acordos; neste sentido, velará por que se organicen adecuadamente, funcionen con eficacia, actúen dentro das súas competencias e cumpran as súas obrigas e responsabilidades.



- c) Ser membro nato, con voz e voto, de todas as Comisións e Grupos de Traballo da RFEA, podendo asistir ás súas reunións (en cuxo caso asumirá a súa presidencia, podendo non obstante delegala na persoa designada para tal fin), así como supervisar as súas actividades nos períodos entre as reunións do Consello Directivo, garantindo que funcionan eficazmente, actúan dentro das súas competencias e cumpren coas súas obrigas e responsabilidades.
- d) Servir de enlace e facilitar unha comunicación e unas relacións fluídas e eficaces coas Administracións Públicas, as Federacións Autonómicas, as Federacións Internacionais, as Asociacións de Federacións, os patrocinadores e outras partes interesadas.
- e) Estimular e coordinar a actuación dos distintos órganos federativos.
- f) Ser o portavoz principal da RFEA, de acordo coas políticas decididas polo Consello Directivo, sen prexuízo da súa posible delegación.
- g) Autorizar transaccións e pagos, de maneira única ou conxunta, na forma e coas limitacións atendendo á contía estatutaria ou regulamentariamente establecida.
Cando sexa precisa a emisión de informes para outras áreas de especialización, atendendo á natureza do Procedemento e do seu contido, procederase a obtelos de expertos na materia de que se trate.

## **Artigo 72. O Código Ético e de conduta**

A Comisión Delegada, a proposta do Consello Directivo da RFEA, aprobará un Código Ético e de conduta, con natureza regulamentaria, que establecerá as normas de conduta que serán esixibles a:

- a) Todos os membros e integrantes da RFEA, en particular os que sexan membros dos seus órganos, comités, comisións e grupos de traballo, incluíndo ao seu persoal contratado laboral ou profesionalmente, e aos voluntarios.
- b) Os dirixentes e persoal laboral, profesional o voluntario das entidades membro ou integrantes da RFEA, en particular de clubs e entidades deportivas, de representación de atletas, de organizadores e das Federacións deportivas autonómicas de atletismo integradas ou, no seu caso, Delegacións RFEA.
- c) O persoal de apoio das persoas e entidades previstas nos apartados anteriores.
- d) As persoas e entidades que presenten unha candidatura para organizar ou acoller competicións, actividades, acontecementos ou eventos nacionais ou internacionais.
- e) Todas aquelas outras persoas físicas e xurídicas que manteñan algunha relación, de calquera tipo, coa RFEA.

O incumprimento do Código ético e de conduta da RFEA dará lugar ás medidas previstas neste, e poderá ser constitutivo de infracción disciplinaria social, nos termos previstos naquel e no Regulamento disciplinario da RFEA.



## **TÍTULO V: GOBERNO E TRANSPARENCIA**

### **Artigo 73. Principios xerais**

- 1.** A RFEA comprométese a actuar baixo os principios de transparencia e bo goberno corporativo.
- 2.** Sen prexuízo das competencias que poidan asistir a outros órganos, o impulso, coordinación, execución e verificación do cumprimento das políticas de transparencia e bo goberno corporativo é responsabilidade do Delegado de cumprimento normativo.

No caso de que determinadas competencias nestas materias sexan exercidas por outros órganos, o Delegado de cumprimento normativo colaborará con estes no cumprimento das súas funcións.

- 3.** A RFEA e as persoas integrantes dos seus órganos de goberno, representación e xestión quedan suxeitas ás facultades de inspección, actuación, control do Consello Superior de Deportes. Do mesmo modo, quedan suxeitas á actuacións que, de acordo coas competencias legalmente atribuídas, teñan as autoridades administrativas ou xudiciais. Neste sentido, deberá facilitarse a máxima colaboración, dentro dos límites legais e normativos, ás mencionadas autoridades.

## **CAPÍTULO I: GOBERNO**

### **Artigo 74. Bo goberno corporativo**

Os membros dos órganos da RFEA (en especial, os dos órganos de goberno), así como os membros dos Comités e Comisións, paneis ou outros grupos de traballo deberán cumprir a lexislación e a normativa vixentes e aplicables, e adicionalmente todas as políticas e Procedementos aprobados pola RFEA que lles resulten de aplicación.

O convenio de integración coas Federacións deportivas autonómicas incorporará as obrigas mínimas na materia que estas se comprometan a implantar e cumprir, como consecuencia da mencionada integración.

### **Artigo 75. Regulamento de goberno e organización interna**

- 1.** A RFEA contará cun Regulamento de goberno e organización interna, que aprobará a Comisión Delegada a proposta do Consello Directivo, cuxa iniciativa lle corresponderá ao Delegado de cumprimento normativo.
- 2.** O Regulamento de Goberno e organización interna dividirase en dous libros separados, referidos respectivamente á xestión e ao bo goberno corporativo e á organización interna da RFEA.
  - A.** No Libro correspondente á xestión e ao bo goberno corporativo constarán:
    - a)** O establecemento dunha estrutura transparente, íntegra e organizada suxeita ás regras do bo goberno corporativo.
    - b)** A composición e os criterios e Procedemento de designación dos membros dos órganos federativos, garantíndose, salvo causa xustificada, a regra de paridade de representación equilibrada entre mulleres e homes.
    - c)** Os requisitos de elixibilidade, incompatibilidades e a regulación dos conflitos de intereses dos membros dos órganos da RFEA.

- d) Os principios, criterios e regulación básica do funcionamento interno dos órganos sociais, sen prexuízo do seu posible desenvolvemento mediante Normativas ou Regulamentos de funcionamento interno.
- e) Os Procedementos para a prevención de ilícitos de calquera tipo, en particular de tipo penal.
- f) A implantación de mecanismos de control nas distintas áreas.
- g) A implementación de accións de desenvolvemento, solidariedade e sostibilidade.
- h) O fomento da exemplaridade na xestión e representación entre a RFEA e os seus integrantes.
- i) O sistema de autorización de operacións económicas, indicando quen debe aprobar, coa súa firma, en función da súa contía, as operacións que realice a RFEA, regulando un sistema de separación de función no que ningunha persoa poida intervir en todas as fases dunha transacción.
- j) As consecuencias derivadas de ter a condición de expedientado disciplinariamente, ou de investigado ou condenado penalmente cando se ocupe un órgano da RFEA. No caso da persoa titular da presidencia e dos membros do Consello Directivo, a condena por sentenza firme será constitutiva de causa de cesación inmediata, debendo dar conta diso ao Consello Superior de Deportes.
- k) As obrigas que se compromete a asumir a RFEA en materia de transparencia e responsabilidade social corporativa.

B. No Libro correspondente á organización interna da RFEA constarán:

- a) A estrutura orgánica da RFEA, desenvolvendo a establecida nos presentes Estatutos.
- b) Os requisitos e Procedementos específicos de designación dos membros dos distintos órganos, estatutarios e extraestatutarios, da RFEA, así como as súas competencias.
- c) As bases xenéricas e específicas do funcionamento interno dos órganos da RFEA.
- d) Todas aquelas cuestións relativas á organización interna da RFEA que se consideren de interese.

O Libro de organización interna da RFEA deberá ser obxecto de ratificación polo Consello Superior de Deportes, de acordo co disposto na lexislación vixente.

### **Artigo 76. Informe anual de bo goberno**

Con carácter anual, a RFEA elaborará un Informe de bo goberno, que se fará público na páxina web da RFEA e que se someterá á aprobación da Asemblea Xeral. En dito informe concretarase o grado de cumprimento das instrucións ou recomendacións efectuadas polo Delegado de cumprimento normativo ou, en caso contrario, as razóns polas que non se cumpriran.

O informe, unha vez aprobado pola Asemblea Xeral, seralle remitido ao Consello Superior de Deportes

### **Artigo 77. Plan de riscos corporativos**

A RFEA contará cun Plan de riscos corporativos, que aprobará a Comisión Delegada, previo informe do Consello Directivo, prevíndose no mesmo as medidas a adoptar para a prevención das condutas inadecuadas, a súa detección e a mellora da normativa aplicable.

Despois de cada renovación cuadrinial da Asemblea Xeral, e cando se considere oportuno por parte da presidencia ou da Comisión Delegada, a RFEA renovará ou actualizará o seu plan de riscos corporativos.

### **Artigo 78. Funcionamento dos órganos da RFEA**

**1.** O funcionamento interno dos órganos da RFEA, que se regulará no Regulamento de goberno e orde interna, atenderase ás seguintes regras xerais, que operarán con carácter suplementario da regulación expresa que poida establecerse a tal efecto:

- a) A convocatoria corresponderá ao seu presidente, na forma e co prazo de preaviso que se determine estatutaria ou regulamentariamente, debéndose remitir a documentación co tempo suficiente para a súa análise. Poderá articularse un Procedemento para casos de especial urxencia.
- b) As reunións poderán ser presenciais, telemáticas ou mixtas (a excepción da Asemblea, na que non caberá a modalidade mixta). A tal fin, a convocatoria especificará cal das anteriores modalidades será aplicable, así como cal será o Procedemento para a conexión e as votacións telemáticas, especialmente no suposto de que se acordara que foran secretas.
- c) As reunións poderán ser obxecto de rexistro en soporte apto para a gravación de vídeo e/ou a reprodución de son, aos efectos da elaboración das actas e verificación dos debates e acordos adoptados, conservándose polo tempo que se determine regulamentariamente. A estes efectos, deberá cumprirse coa lexislación vixente en materia de protección de datos.
- d) O quórum mínimo para poder iniciar a sesión será do 50% de membros en primeira convocatoria, e dun terzo en segunda convocatoria. Poderán acordarse quóruns reforzados para adoptar determinados acordos.
- e) O órgano poderá considerarse constituído, en calquera lugar e momento, sen convocatoria previa, se están presentes todos os membros e o aceptan, ou se o autorizan os membros non presentes expresamente.
- f) Salvo autorización estatutaria ou regulamentaria expresa, a asistencia ás reunións dos órganos e o voto non son delegables, e serán obrigatorios.
- g) O presidente dirixirá as reunións e contará con voto de calidade ou dirimente. Poderá tamén cambiar a orde dos puntos da orde do día.
- h) Os acordos adoptaranse por maioría simple e a man alzada, podendo acordarse o voto secreto se algún dos seus integrantes, ou unha determinada porcentaxe (que non poderá superar o 10%) así o solicita. Poderá acordarse maioría reforzada para aprobar determinadas materias.
- i) Os membros que voten en contra dalgún acordo poderán emitir voto particular contra o mesmo, a efectos de eximir de responsabilidade, que se reflectirá na acta.
- j) O resumo das reunións e o contido expreso dos acordos adoptados levaranse a un libro de actas específico de cada un deles. No caso da Asemblea Xeral, existirá unha Acta executiva referida aos asistentes, orde do día e acordos adoptados, que será obxecto de publicación na web, e un acta que conteña o resumo de intervencións e referencias a documentación e contratos, que será para uso interno exclusivo da RFEA, nos termos previstos nos presentes estatutos.
- k) As actas serán provisionais ata a súa aprobación na seguinte sesión, se ben poderán nomearse dous verificadores para que o seu contido poida ter efecto dende a súa verificación, a realizarse no prazo máximo de sete días e entendéndose outorgado a falta de resposta expresa pola súa parte, dende a reunión do órgano.

**2.** Será de aplicación suplementaria, en todo aquilo que resulte imprescindible á regulación aplicable aos órganos administrativos, prevista na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, coas debidas adaptacións á natureza e singularidade da RFEA como entidade privada de natureza deportiva.

## **Artigo 79. Requisitos de elixibilidade dos seus membros**

**1.** Os requisitos de elixibilidade dos membros dos órganos da RFEA serán obxecto de regulación no Regulamento de goberno e organización interna da RFEA.

Corresponderalle ao Delegado de cumprimento normativo da RFEA a xestión do Procedemento de verificación do seu cumprimento, antes de ser designados e en tanto manteñan a súa condición de membro dun órgano federativo.

En caso de existir dúbidas ou indicios de incumprimento, deberá poñelo en coñecemento do órgano competente para o seu nomeamento, a fin de que, no seu caso, os nomeamentos non se realicen ou sexan revogados. No caso dos membros electos, deberá comunicarllo ao Consello Directivo, para que este o valore e inicie no seu caso os trámites que procedan ante o órgano competente.

## 2. Serán requisitos para formar parte dos órganos da RFEA:

### A) No caso de todos os órganos da RFEA:

- a) Os que poidan estar establecidos na lexislación ou nos Estatutos, Regulamentos e Normativas da RFEA aplicables, con carácter xeral ou específicos para dito órgano.
- b) En particular, non incorrer en ningunha das incompatibilidades previstas.
- c) En particular, non atoparse nunha situación de conflito de intereses prevista.

### B) No caso dos órganos cuxo nomeamento non obedece a un proceso electivo:

- a) Ter dezaoto anos e non superar os setenta e cinco, salvo cando a normativa especificamente aplicable o admita expresamente.
- b) Non estar procesado, nin ter sido condenado por delitos sexuais, ou relacionados coa mala xestión ou malversación económica amplamente entendidas, a violencia contra as persoas, ou relacionados co abuso, acoso, dopaxe, violencia, racismo, xenofobia ou intolerancia. No caso doutros delitos, ou de ter a condición de investigado, valoraranse as circunstancias concorrentes para adoptar a decisión que proceda.
- c) Non atoparse nin ter sido sancionado por infracción en materia de dopaxe, por infracción disciplinaria deportiva moi grave, ou por infracción en materia de violencia, racismo, xenofobia ou intolerancia no deporte. No caso de atoparse en trámite un Procedemento relativo ás materias anteriores, valoraranse as circunstancias concorrentes para adoptar a decisión que proceda.
- d) Non ter unha reputación e conduta persoal, pública, incompatible cos principios que rexen o proceder da RFEA.

## 3. A acreditación das circunstancias anteriormente indicadas deberá realizarse mediante:

- a) En todo caso, dunha declaración responsable na que en plena responsabilidade se faga constar que se reúnen os requisitos e non se incorre en ningunha das causas de inelixibilidade.
- b) A presentación da documentación xustificativa
- a) A través doutros medios ou Procedementos que o Delegado de cumprimento normativo considere suficientes.

## Artigo 80. Dereitos dos membros dos órganos da RFEA

1. Os membros dos órganos da RFEA, a excepción dos que teñan a natureza de invitados ou observadores, que só terán os dereitos que especificamente se prevexan para eles en cada órgano, teñen os seguintes dereitos:

- a) Ser recoñecidos na súa condición de tales.
- b) Recibir as convocatorias e a documentación relativa ás reunións, na forma e nos prazos establecidos.
- c) Asistir ás reunións e participar, con dereito de voz, nos debates.
- d) Participar na toma de decisións e adopción de acordos, podendo promover o voto secreto (supeditado a alcanzar, no seu caso, a porcentaxe de peticionarios establecida) e emitir un voto particular discrepante. Exceptuase deste dereito a aqueles membros excluídos do dereito de voto na regulación específica do órgano.
- e) Ser compensados polos gastos nos que se incorra con ocasión das súas asistencias ao órgano.
- f) Intervir nas tarefas federativas propias do cargo ou función que ostenten, cooperando na actuación do órgano ao que pertencen.
- g) Coñecer o contido das actas das reunións do órgano do que forman parte.

h) A protección dos seus datos persoais.

Ostentarán, ademais, todos aqueles outros que con carácter xenérico ou específico do órgano concreto ao que pertencen, poidan establecerse legal, estatutaria ou regulamentariamente.

**2.** A presidencia, as persoas que integren o Consello Directivo e a Dirección Executiva da RFEA deberán proporcionarlle ao Delegado de cumprimento normativo, coa periodicidade que se estableza, información relativa ás relacións de índole contractual, comercial ou familiar que manteñan con provedores ou entidades que teñan vínculos comerciais ou profesionais coa Federación, así como outros cargos directivos que desempeñen, na súa actividade privada, noutras entidades, sociedades ou empresas. Dita información será remitida ao Consello Superior de Deportes a requirimento deste.

### **Artigo 81. Deberes dos membros dos órganos da RFEA**

**1.** Son deberes e obrigas dos membros dos órganos da RFEA:

- a) Asistir, salvo causa xustificada, ás reunións que se convoquen, preparándoas adecuadamente e intervindo nas mesmas co debido respecto e corrección.
- b) Desempeñar lealmente as funcións encomendadas, adheríndose expresamente aos códigos e regulacións da RFEA, en particular en materia de dopaxe, goberno, ética e salvagarda e protección.
- c) Opoñerse aos acordos contrarios ao ordenamento xurídico, aos Estatutos ou ao interese da RFEA ou do atletismo estatal.
- d) Manter en secreto cantos datos ou informacións coñezan no desempeño dos seus cargos, non podendo utilizalos en beneficio propio ou de terceiros.
- e) Absterse de intervir en deliberacións e votacións de calquera cuestión na que puideran ter interese particular ou que puidesen representar un conflito de interese significativo, alieo á natureza da súa condición de membro do órgano. Serán supostos obrigados de abstención os establecidos na lexislación administrativa común, sen prexuízo do deber de someter outros que puideran existir ao resto de integrantes do órgano.
- f) Non facer uso indebido do patrimonio da RFEA nin valerse da súa posición para obter vantaxes persoais ou patrimoniais.
- g) Non obter vantaxes respecto das oportunidades de negocio que coñezan na súa condición de membros nin admitir comisións ou outros beneficios para si ou para os seus familiares ou achegados, sexa directa ou indirectamente.
- h) Poñer en coñecemento do Delegado de cumprimento normativo calquera circunstancia persoal ou profesional que puidese afectar á súa elixibilidade e compatibilidade como integrante do órgano, incluíndo posibles conflitos de interese, para que emita o seu informe correspondente.
- i) Denunciar ante o órgano competente calquera conduta irregular da que poida ter coñecemento.

Ostentarán, ademais, todos aqueles outros que con carácter xenérico ou específico do órgano concreto ao que pertencen, poidan establecerse legal, estatutaria ou regulamentariamente.

**2.** A persoa que ostente a secretaría de cada un dos órganos da RFEA, velará pola legalidade formal e material das súas actuacións, comprobará a regularidade estatutaria e o cumprimento das disposicións emanadas dos órganos reguladores, e velará pola observancia dos principios ou criterios de bo goberno.

## **CAPÍTULO II: TRANSPARENCIA**

### **Artigo 82. Transparencia**

**1.** A RFEA deberá cumprir as obrigas legais establecidas en materia de transparencia, en particular as contidas na lexislación deportiva e sobre transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e as que poida establecer World Athletics. Procurará, ademais, cumprir no maior grado posible os estándares de transparencia establecidos polos organismos ou organizacións especializados.

**2.** A proposta do Comité Executivo, o Consello Directivo establecerá as normas e o xeito no que se compartirá a información sobre a adopción de decisións e acordos, establecendo se se fai de maneira pública ou restrinxida a todos os integrantes da organización, aos membros da Asemblea Xeral e/ou outros órganos, Comités e Comisións, aos integrantes de determinados estamentos federativos ou ás partes interesadas. De igual xeito, estableceranse os criterios para limitar a información facilitada, anonimizando ou excluindo a que poida incorporar datos persoais non comunicables ou teña natureza confidencial.

Estas normas e criterios intentarán conseguir o maior grao posible de transparencia, sen prexuízo da debida protección dos intereses da RFEA e das persoas físicas e xurídicas vinculadas a ela.

**3.** O convenio de integración coas Federacións deportivas autonómicas incorporará as obrigas mínimas na materia que estas se comprometan a implantar e cumprir, como consecuencia da mencionada integración.

### **Artigo 83. Información na web oficial da RFEA**

1. Na páxina web oficial da RFEA, sen prexuízo doutras formas de publicidade que poidan acordarse legal, estatutaria ou regulamentariamente, constarán polo menos:

A) En materia económica:

- a. O presuposto aprobado pola última asemblea.
- b. A liquidación do presuposto do ano anterior.
- c. O informe de auditoría de contas e os informes da Comisión ou do Delegado de control económico.
- d. O informe anual do Consello Superior de Deportes sobre a situación económico-financeira.
- e. As subvencións e axudas públicas e privadas recibidas, con indicación do importe individualizado para as públicas e global para as privadas, así como da finalidade e os destinatarios últimos, con respecto á lexislación vixente en materia de protección de datos persoais.

B) En materia corporativa:

- a. A localización da sede central, horario de atención ao público, teléfono e dirección de correo electrónico.
- b. A estrutura organizativa, con identificación das persoas que integran os distintos órganos.
- c. Os Estatutos e Regulamentos obrigatorios (en español e nas linguas recoñecidas como oficiais polos distintos Estatutos de autonomía), e os demais Regulamentos e Normativas de aplicación xeral.
- d. A información estatística necesaria para valorar o grado de cumprimento e calidade das actividades que sexan da súa competencia.
- e. O procedemento de tramitación de licenzas á RFEA.
- f. As Federacións deportivas autonómicas de atletismo integradas e as Delegacións RFEA existentes, enlazando as súas páxinas web.

C) En materia de transparencia e goberno:

- a. As actas executivas da Asemblea Xeral (con exclusión do contido que poida estar suxeito a confidencialidade, protección de datos persoais ou segredos empresariais) e os acordos do Consello Directivo e da Comisión Delegada, con mención expresa dos acordos adoptados.
- b. Os Informes anuais de Bo Goberno.
- c. O réxime concreto de vinculación contractual ou de compensación de gastos do presidente, así como as retribucións percibidas por este e as persoas que teñan unha relación laboral de alta dirección.
- d. As compensacións de gastos satisfeitas aos membros dos órganos da RFEA.
- e. Os convenios e contratos públicos e privados subscritos, con mención do obxecto, duración, obrigas das partes, modificacións e, no seu caso, Procedemento de adxudicación, a excepción dos contratos de traballo. O seu importe deberá publicarse de forma concreta e desagregada, se orixinan gastos de funcionamento e inversión; se dan lugar a ingresos, publicaranse na mesma forma, con excepción dos derivados de contratos de publicidade e patrocinio, para os que só será necesario indicar a contía global. Na mencionada publicidade respectarase a lexislación vixente sobre datos persoais e secretos empresariais.
- f. Información sobre os provedores e o réxime de contratación dos mesmos.

D) En materia deportiva:

- a. Información sobre a modalidade atlética e as súas especialidades, así como as condicións e regulamentación para o seu desenvolvemento e práctica.
- b. Os Programas de Desenvolvemento Deportivo subscritos co Consello Superior de Deportes.
- c. O Programa deportivo plurianual.
- d. Os calendarios deportivos.
- e. As resolucións do Tribunal Administrativo do Deporte e outros órganos disciplinarios, nos termos que estableza a lexislación vixente en materia de protección de datos persoais.
- f. As condicións específicas de protección da saúde para a actividade deportiva non oficial, así como a súa vixencia, alcance e acreditación.

Así mesmo, constará tamén aquela información que resulte obrigada en virtude do Ordenamento xurídico vixente, e en particular a que poidan establecer a lexislación deportiva, a lexislación en materia de transparencia, acceso á información e bo goberno, e as súas disposicións de desenvolvemento.

**2.** Por vía regulamentaria, ou por medio de acordo do Consello Directivo, poderá establecerse a obriga de incorporar máis información á páxina web oficial, así como establecer limitacións ao acceso a determinada información a aqueles que poidan ter a condición de membros da RFEA ou de interesados, por medio dun procedemento de rexistro previo.

**3.** Toda a información deberá ofrecerse de xeito seguro e comprensible, en condicións que permitan a súa localización e busca con facilidade e en bloques temáticos claros e precisos. Respetará a lexislación vixente e os dereitos dos interesados, en especial en materia de protección de datos, segredos empresariais e protección do menor.

**4.** A responsabilidade sobre as obrigas de publicidade web corresponderalle á persoa que ocupe a Dirección Executiva da RFEA.

## **TÍTULO VI: DAS COMPETICIÓNS E LICENZAS**

## **CAPÍTULO I: DAS COMPETICIÓNS**

### **SECCIÓN PRIMEIRA: DISPOSICIÓNS XERAIS**

#### **Artigo 84. Cualificación e organización das competicións**

**1.** A RFEA é a única Federación deportiva española que, en réxime de exclusividade, ten atribuída legalmente a competencia para cualificar como oficial unha determinada competición da modalidade deportiva de atletismo e as súas especialidades no ámbito estatal.

**2.** De igual xeito, e sen prexuízo das excepcións previstas expresamente na lexislación vixente, a RFEA é a organizadora exclusiva das competicións oficiais de atletismo de ámbito estatal, e das de ámbito internacional que se celebren en España, no referente á regulación do marco xeral da competición, sen prexuízo das competencias de World Athletics respecto da regulación e organización das competicións atléticas.

Dita competencia de organización de competicións oficiais poderase articular dalgunha das seguintes maneiras, que se precisarán no Regulamento de competicións, actividades e acontecementos atléticos:

- a) Como organizadora directa e única.
- b) Como co-organizadora.
- c) Como reguladora e supervisora das competicións organizadas por terceiros admitidas no calendario oficial.

#### **Artigo 85. Organización de competicións, actividades e acontecementos atléticos**

**1.** A competencia da RFEA como organizadora de ámbito estatal, supra autonómico ou internacional entenderase referida a aquelas competicións, actividades e acontecementos que admitan a participación de atletas e/ou clubs con licenza de ámbito estatal de máis dunha Federación deportiva autonómica integrada ou Delegación RFEA e/ou atletas e/ou equipos estranxeiros que representen a outras Federacións deportivas membro de World Athletics.

A competencia organizativa ou reguladora a que fai referencia o parágrafo anterior comprende:

- a) As competicións atléticas oficiais, en réxime de exclusividade.
- b) As competicións federativas atléticas non oficiais, de acordo co establecido na lexislación aplicable, en réxime de exclusividade.
- c) A actividade deportiva federativa atlética de carácter non oficial.
- d) No seu caso, os acontecementos deportivos atléticos competitivos non oficiais de relevancia estatal.
- e) Outros eventos atléticos, nos termos establecidos nos Regulamentos e Normativas.

**2.** A RFEA será a organizadora en España, por encomenda, delegación, convenio, contrato ou outro título de habilitación con European Athletics, World Athletics, a Asociación Iberoamericana de Atletismo, Mediterranean Athletics, o Comité Olímpico Español ou outras entidades internacionais do ámbito do atletismo ou polideportivas, con carácter exclusivo, das competicións internacionais de atletismo. Poderá tamén organizar, xunto a terceiros, eventos multideportivos que inclúan entre as modalidades a desenvolver a de atletismo.

**3.** A organización de ditas competicións, actividades e acontecementos poderá realizarse directamente, a través de terceiros ou conxuntamente con terceiros, que ostentarán a condición de organizadores ou colaboradores. A forma, Procedemento, dereitos e deberes e responsabilidades derivadas da participación de terceiros en dita organización regularase no



Regulamento de competicións, actividades e acontecementos atléticos da RFEA e se plasmará no contrato, convenio ou instrumento xurídico a través do cal se materialice.

4. A RFEA comercializará os dereitos e produtos inherentes á organización das súas competicións, actividades e acontecementos, nos termos legalmente establecidos e respectando os dereitos individuais dos participantes cando iso proceda.

5. Na súa condición de organizadora, a RFEA asumirá as obrigas e responsabilidades legalmente establecidas.

### **Artigo 86. O Regulamento de competicións, actividades e acontecementos atléticos**

1. Supeditado á lexislación vixente e ao contido dos presentes Estatutos, o Regulamento de competicións, actividades e acontecementos atléticos, na súa condición de Regulamento obrigatorio da RFEA, regulará:

- a) A modalidade, tipos e especialidades de competicións, subespecialidades, disciplinas, probas e actividades e eventos atléticos.
- b) As normas reguladoras e requisitos técnicos, e/ou de calquera outra natureza de acordo cos que deban desenvolverse.
- c) O Procedemento e os criterios para a cualificación das competicións como oficiais, e a designación de organizadores e sedes.
- d) Os efectos clasificatorios e de calquera outra índole.
- e) Un modelo xenérico de Bases específicas de competición.
- f) As medidas necesarias para garantir a seguridade na competición e as seguranzas esixibles.
- g) En xeral, todo o necesario para a organización e o desenvolvemento das competicións e actividades atléticas organizadas pola RFEA.

Dito Regulamento incorporará a regulación das licenzas e títulos de habilitación para a participación nas mencionadas competicións, actividades e acontecementos, no suposto de que a RFEA non o faga a través da aprobación dun Regulamento independente de licenzas e outros títulos de habilitación.

2. En concreción do Regulamento de competicións, actividades e acontecementos atléticos, e das Normativas Reguladoras de desenvolvemento que poidan aprobarse con carácter xenérico, para cada campionato ou competición, actividade ou acontecemento atlético específico elaboraranse e aprobaranse unhas Bases ou Normas de competición, nas que se detallarán todos os extremos relativos á súa organización, e ás que se dará a publicidade adecuada.

## **SECCIÓN SEGUNDA: COMPETICIÓN**

### **Artigo 87. Competicións internacionais**

A RFEA poderá organizar ou autorizar que se celebren en España, directamente ou conxuntamente cun terceiro, ou a través dun terceiro, previa autorización do Consello Superior de Deportes, competicións internacionais de atletismo, entendidas como aquelas nas que se levan a cabo probas de carácter oficial ou non oficial, estando aberta a participación de atletas, equipos ou seleccións doutras federacións membro de World Athletics.

Neste sentido, aqueles eventos atléticos, como carreiras ou meetings, organizados por terceiros e abertos á participación de atletas estranxeiros que representen ou estean afiliados a outra Federación membro de World Athletics, terán a consideración de competición internacional aos efectos de ter que obter a autorización do Consello Superior de Deportes, de World Athletics ou European Athletics, e a autorización ou supervisión da RFEA, nos termos que se establezan regulamentariamente.

A organización e participación nestas competicións supón a aceptación das normas e condicións establecidas por World Athletics e/ou a Federación ou organización internacional correspondente.

### **Artigo 88. Competicións atléticas oficiais de ámbito estatal ou supra autonómico**

**1.** Son competicións oficiais estatais de atletismo as que a RFEA cualifica como tales, mediante a incorporación cada tempada ao calendario oficial da RFEA e tendo os seus resultados consecuencias de clasificación ou de rexistros de clasificación.

Para a cualificación como oficial e estatal dunha competición a RFEA terá en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- a) O nivel técnico da competición.
- b) O nivel deportivo dos participantes.
- c) O número de Federacións deportivas autonómicas de atletismo integradas ou, no seu caso, Delegacións RFEA representadas.
  - b) A súa importancia no contexto atlético nacional e/ou internacional.
  - c) No seu caso, a capacidade e experiencia organizativa da entidade promotora.
  - d) O historial e a tradición da competición.
  - e) A posible transcendencia dos resultados a efectos de participación en competicións internacionais ou de clasificacións.

Estas competicións oficiais de ámbito estatal estarán abertas á participación dos atletas, entidades deportivas e Federacións autonómicas integradas ou Delegacións RFEA que contén coa licenza deportiva estatal ou habilitada en vigor, sen considerar discriminacións de ningún tipo a excepción das derivadas das condicións técnicas de natureza deportiva ou de calquera outra natureza que conste no Regulamento de competicións, actividades e acontecementos atléticos e/ou nas Normativas ou Bases de competición.

No referente á participación de atletas transxénero, nas prácticas, eventos e competicións deportivas do ámbito competencial da RFEA estarase ao disposto na normativa específica de World Athletics sobre o particular, entendéndose incluídas as normas de loita contra a dopaxe dirixidas a evitar vantaxes competitivas que poidan ser contrarias ao principio de igualdade.

As súas marcas e resultados terán validez oficial, cumpríndose os requisitos establecidos para tal fin.

**2.** A denominación da competición oficial cualificada xerará a reserva da súa denominación a favor da RFEA. Neste sentido, só a RFEA poderá organizar e utilizar as denominacións de Campionato de España, Campionato Nacional ou Estatal, Liga Nacional, Copa de España ou calquera outro análogo ou similar.

**3.** No caso das competicións supra autonómicas, o recoñecemento de marcas e consecuencias a efectos clasificatorios ou de clasificación só se producirá se fosen previamente autorizadas pola RFEA.

**4.** Son tamén competicións oficiais estatais de atletismo, por mandato legal, as fases finais das competicións escolares e as fases finais das competicións universitarias, que poderán ser organizadas pola RFEA previa subscripción dos oportunos convenios ou contratos.

### **Artigo 89. Competicións federativas atléticas non oficiais**

Son competicións federativas atléticas non oficiais as organizadas pola RFEA que non están incluídas no seu calendario de competicións oficiais.

Estas competicións, formadas por un evento ou un conxunto de eventos puntuais ou esporádicos, cuxo fin principal é a promoción deportiva, poderán ser organizadas pola RFEA directamente ou a través dun terceiro, previa subscripción do oportuno convenio ou contrato.

As súas marcas e resultados non terán validez oficial a efectos de clasificación ou de clasificación para competicións nacionais ou internacionais.

### **Artigo 90. Actividades deportivas federativas atléticas de carácter non oficial**

Son actividades deportivas federativas atléticas de carácter non oficial as actividades, eventos, probas e outros acontecementos atléticos competitivos, non oficiais, nos que a participación estea aberta a atletas e/ou clubs con licenza estatal ou habilitada en vigor, ou outro título de habilitación de participación, que representen a máis dunha Federación deportiva autonómica integrada ou Delegación RFEA e/ou a atletas ou equipos estranxeiros que representen a outra Federación Membro de World Athletics.

Para o seu posible recoñecemento valoraranse, entre outras consideracións, a repercusión social, mediática e de asistentes, o seu impacto económico e as medidas de prevención e seguridade que precisan.

As súas marcas e resultados non terán validez oficial a efectos de clasificación ou de clasificación para competicións nacionais ou internacionais.

### **Artigo 91. Acontecementos deportivos atléticos competitivos non oficiais**

A RFEA poderá organizar acontecementos atléticos non oficiais aos que se outorgue a condición de relevancia estatal, previa subscripción do oportuno convenio ou acordo coa Administración organizadora dos mesmos, nos termos que estableza o desenvolvemento regulamentario da Lei do deporte.

As súas marcas e resultados non terán validez oficial a efectos de clasificación ou de clasificación para competicións nacionais ou internacionais.

### **Artigo 92. Outros eventos atléticos**

A RFEA poderá organizar, nos termos que estableza o Regulamento de competicións, actividades e acontecementos atléticos, outros eventos atléticos, monodeportivos ou polideportivos de calquera tipo, sempre que se atopen abertos á participación de atletas e/ou clubs con licenza de ámbito estatal en vigor que representen a máis dunha Federación deportiva autonómica de atletismo integrada ou Delegación RFEA, e/ou atletas ou equipos estranxeiros que representen a outra Federación Membro de World Athletics.

As súas marcas e resultados non terán ningunha validez oficial.

## **CAPÍTULO II: DAS LICENZAS E OUTROS TÍTULOS DE HABILITACIÓN**

### **Artigo 93. Licenzas**

1. Para a participación nas actividades ou competicións oficiais de atletismo de ámbito estatal, supra autonómico (cando se pretenda que teñan efecto no ámbito estatal ou internacional) e internacional será preciso estar en posesión dunha licenza expedida pola RFEA que garantirá a uniformidade de contido e condicións económicas por modalidade, estamento e categoría, sendo competencia da Asemblea Xeral a fixación da súa contía.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as licencias expedidas polas federacións de ámbito autonómico habilitarán para a participación en competicións de carácter non profesional sempre e cando aquelas estean integradas nas federacións deportivas españolas, se expidan dentro das condicións mínimas de carácter económico que fixen estas e lle comuniquen a súa expedición ás mesmas.

Estas licenzas reflectirán, separadamente, o custe dos seguros subscritos, e as cotas que lle corresponden ás RFEA e á Federación autonómica, polo menos, en castelán.

Respecto destas licenzas, asegurárase un réxime estatístico, documental e rexistral que permita diferenciar:

- a) Os efectos da licenza nos respectivos ámbitos territoriais en orde á determinación respectiva da condición de electores e elixibles.
- b) A participación ou a distribución económica dos dereitos devengados como consecuencia da expedición.
- c) A subscrición dun único seguro deportivo con cobertura no ámbito territorial propio de cada Federación, sexa autonómica ou estatal.
- d) Aquelas outras delimitacións que permitan, sen xerar confusión, o exercicio das respectivas competencias polas federacións nacionais e autonómicas.

A RFEA habilitará todas aquelas licenzas autonómicas que reúnan ditos requisitos e que lle sexan comunicadas.

#### **Artigo 94. Outros títulos de habilitación competicións federativas non oficiais**

1. Será preciso dispoñer dun título de habilitación específico, distinto á licenza, que deberá ser expedido pola RFEA ou por unha Federación autonómica integrada autorizada para iso, para poder participar:

- a) Nas competicións federativas non oficiais de ámbito estatal recoñecidas ou organizadas pola RFEA, incluíndo as que se desenvolvan de maneira simultánea ou conxunta coas cualificadas como oficiais.
- b) Nas actividades deportivas federativas de carácter non oficial de ámbito estatal recoñecidas ou organizadas pola RFEA.
- c) Nos acontecementos deportivos competitivos non oficiais de relevancia estatal organizados pola RFEA.

2. Ditos títulos de habilitación, que poderán ser anuais, temporais ou puntuais, garantirán o debido control e salvagarda dos seus titulares, pero en ningún caso xerarán consecuencias de clasificación para competicións estatais, supra autonómicas ou internacionais, nin a validez oficial das marcas obtidas, nin consecuencia algunha a efectos das clasificacións.

3. Os titulares destes títulos de habilitación carecerán de dereitos políticos, en particular para ser electores ou elixibles para a Asemblea Xeral e presidencia da RFEA.

#### **Artigo 95. O regulamento de licenzas e outros títulos de habilitación**

1. As clases ou tipos de licenza e outros títulos de habilitación, os requisitos e procedemento para a súa expedición ou habilitación, os dereitos e deberes que outorguen e todas aquelas cuestións

referentes ás mesmas serán obxecto de desenvolvemento no Regulamento de licenzas e outros títulos de habilitación da RFEA.

O Regulamento establecerá o órgano competente para expedir, denegar ou suspender as licenzas e outros títulos de habilitación.

**2.** Serán criterios básicos para a elaboración deste Regulamento:

A) Respecto das licencias, os seguintes:

- a) A resolución da RFEA sobre a expedición, habilitación ou denegación da licenza ditarase no prazo máximo de quince días hábiles, que se suspenderá cando non se inclúan todos os requisitos validamente requiridos para a súa expedición e se requira na emenda. O incumprimento deste prazo, salvo por causa debidamente xustificada, será considerado como unha negativa inxustificada á expedición de licenzas e poderá ser sancionado disciplinariamente.
- b) Non caberá impoñer restricións á expedición ou habilitación de licenzas a persoas estranxeiras con residencia legal en España.
- c) Se o Regulamento de licenzas establecera a existencia de licenzas profesionais, entre los requisitos para tramitalas deberá figurar a achega da afiliación e alta na Seguridade Social e, cando o exercicio profesional se desenvolva por conta allea, o correspondente contrato na modalidade laboral que proceda.
- d) Finalizada a vixencia dunha licenza entre un club e un atleta, a RFEA non se poderá negar a expedir ou habilitar unha nova licenza sobre a base da existencia de posibles dereitos de formación, sen prexuízo de que se poida establecer a obriga de abono dunha compensación económica por parte da entidade deportiva que celebre o primeiro contrato de traballo como profesional do/da atleta, que deberá ser proporcional ao custe en que teñan incorrido as entidades formadora, ou outro tipo de compensacións, debidamente xustificadas.
- e) Garantirase a non discriminación e a igualdade de trato na expedición e habilitación de licenzas de ámbito estatal, dentro das distintas categorías existentes, en consonancia coas normas de World Athletics e European Athletics e do Comité Olímpico Internacional.

B) Respecto dos outros títulos de habilitación, só os apartados b) e e), tendo a RFEA liberdade absoluta para a súa regulación.

**3.** En materia de dopaxe, e sen prexuízo das demais obrigas que poidan vir impostas na lexislación aplicable ou que se estableza no Regulamento de licenzas e outros títulos de habilitación, deberá terse en conta o seguinte:

- a) As persoas que soliciten a licenza ou outro título de habilitación poderán ser sometidas, previamente a súa concesión, a un control de dopaxe, nos termos previstos na lexislación vixente.
- b) Non poderán obter licenza ou outro título de habilitación as persoas que teñan sido sancionadas por dopaxe no ámbito autonómico, estatal ou internacional, mentres estean cumprindo coa sanción correspondente.
- c) As persoas que obteñan un título de habilitación poderán ser sometidas a controis de dopaxe antes e despois da competición para cuxa participación se obtivo.

## **TÍTULO VII. DOS PROCESOS ELECTORAIS E A MOCIÓN DE CENSURA**

### **CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS**

## **Artigo 96. Órganos electivos da RFEA**

De conformidade co seu carácter democrático e representativo, son órganos electivos da RFEA a Presidencia, a Asemblea Xeral (salvo os membros natos) e a Comisión Delegada da Asemblea Xeral, así como calquera outro órgano ou a condición de membro dalgún órgano en que estatutariamente estea así previsto.

Poderán selo tamén, nos termos establecidos nos presentes Estatutos e por decisión da Presidencia, todas ou algunhas das Vicepresidencias, e todos ou algúns dos membros do Consello Directivo.

## **Artigo 97. O regulamento electoral**

O Regulamento electoral da RFEA será elaborado e aprobado de conformidade coa lexislación vixente, e en particular coa Orde Ministerial reguladora dos procesos electorais nas Federacións deportivas españolas que poida aprobarse a tal efecto. Axustarase, no que sexa posible, ao disposto nos presentes estatutos e á regulación de World Athletics e European Athletics.

Contemplantá todo o necesario para o desenvolvemento dos procesos electorais á Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia da RFEA, e o seu contido mínimo será o legalmente establecido, sen prexuízo de poder incorporar a regulación doutros procedementos electorais internos da RFEA.

## **Artigo 98. A Xunta Electoral**

**1.** Corresponderalle á Xunta Electoral da RFEA a organización, supervisión e control inmediato dos procesos electorais federativos, sen prexuízo de outras funcións e competencias que se lle poidan atribuír e das que correspondan, no seu caso, ao Tribunal Administrativo do Deporte.

**2.** O Regulamento electoral da RFEA establecerá a súa composición, o procedemento para o nomeamento e a cesación dos seus integrantes, os requisitos de elixibilidade destes, as competencias e atribucións que exerce, o seu réxime de funcionamento e os recursos que cabe interpoñer contra as súas resolucións.

**3.** As súas resolucións serán recorribles ante o Tribunal Administrativo do Deporte, cando se adopten no marco dos procesos electorais á Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia da RFEA.

## **Artigo 99. A Comisión Xestora**

**1.** Correspóndelle á Comisión Xestora da RFEA administrar e xestionar a Federación unha vez convocado o proceso electoral cuadrienal para a elección dos membros da Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia.

A Comisión Xestora non poderá realizar actos que directa ou indirectamente, mediata ou inmediatamente, induzan ou condicionen o sentido de voto, e deberá observar os principios de obxetividade, transparencia e igualdade entre os actores electorais. Estas previsións serán igualmente aplicables á actividade desenvolvida polo persoal da RFEA e polos restantes órganos federativos durante o proceso electoral.

Se por extenderse a duración do proceso electoral, ou por calquera outra circunstancia, quedara comprometido ou en risco o desenvolvemento ordinario da actividade da RFEA, a Comisión

Xestora poderá adoptar as medidas imprescindibles para evitar dita situación, previa autorización do Consello Superior de Deportes, que supervisará ditas actuacións.

**2.** O Regulamento electoral da RFEA establecerá a súa composición, o procedemento para o nomeamento e a cesación dos seus integrantes, os requisitos de elixibilidade destes, as competencias e atribucións que exerce, o seu réxime de funcionamento e os recursos que cabe interpoñer contra as súas resolucións.

### **Artigo 100. Recursos**

**1.** Correspóndelle ao Tribunal Administrativo do Deporte velar pola conformidade a Dereito dos procesos electorais aos membros da Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia na RFEA; contra as súas resolucións caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo. O Consello Superior de Deportes estará legitimado para impugnar actos en defensa da regularidade esencial de ditos procesos electorais.

**2.** Respecto do resto de procesos electorais, así como no referente á moción de censura, os actos que agoten a vía federativa serán recorribles ante a xurisdicción ordinaria, ou potestativamente, ser obxecto de sumisión a arbitraje.

## **CAPÍTULO II. PROCESOS ELECTORAIS**

### **Artigo 101. Os Procedementos electorais**

**1.** Os Procedementos electorais, tanto con carácter ordinario como extraordinario, ou para a cobertura de determinadas vacantes, desenvolveranse nos prazos e fases previstos no Regulamento Electoral, con cumprimento estrito da lexislación e normativa aplicable.

**2.** No caso das eleccións a representante na Asemblea Xeral, a consideración de electores e elixibles se lles recoñecerá:

- a) Aos atletas, maiores de idade para ser elixibles, e non menores de dezaseis anos para ser electores, que teñan licenza de ámbito estatal en vigor no momento das eleccións e reúnan os requisitos que, no marco do debido cumprimento da lexislación vixente, estableza o Regulamento electoral.
- b) Ao persoal técnico e aos xuíces e en similares circunstancias ás sinaladas na letra a), adaptadas ás singularidades dos mencionados estamentos.
- c) Aos clubs e entidades deportivas inscritos na respectiva federación cunha antigüidade de, polo menos, unha tempada e que reúnan os requisitos de participación en tempada/s anterior/es que estableza o Regulamento electoral, no marco do debido cumprimento da lexislación vixente, nos campionatos nacionais de clubs, ou nos campionatos individuais cun mínimo de dez atletas. Aqueles que actúen en nome e representación destas entidades como electores ou elixibles, deberán cumprir os requisitos de idade previstos na letra a).
- d) Aos representantes dos organizadores e dos representantes de atletas (sexan persoa física ou xurídica), que deberán reunir os requisitos previstos nos apartados anteriores, na súa condición doutros colectivos interesados.

Finalizado o proceso electoral, quedará constituída, por un período de catro anos, a Asemblea Xeral e a Comisión Delegada da Asemblea Xeral, e designada por idéntico período a persoa que ocupará a presidencia da RFEA.

**3.** O resto de procedementos electorais previstos para ser membro dalgún órgano da RFEA, será obxecto de libre regulación no Regulamento Electoral, debendo non obstante respectarse as limitacións de idade establecidas no apartado anterior.

## **Artigo 102. Eleccións anticipadas á presidencia**

**1.** No suposto de que a Presidencia da RFEA quedara vacante antes da finalización do seu mandato quadrienal, previo informe ao Consello Superior de Deportes, asumirá as súas funcións o Consello Directivo, constituído como Xunta Xestora, que exercerá colexiadamente as facultades propias de ambos órganos de maneira interina, baixo a presidencia do Vicepresidente primeiro, sempre e cando este non sexa candidato á presidencia.

Unha vez constituída a Xunta Xestora, esta convocará á maior brevidade, e no prazo máximo de vinte días naturais, eleccións á presidencia e Asemblea Xeral electoral, que se desenvolverá na forma e prazos establecidos no Regulamento Electoral da RFEA. Restaranse menos de seis meses de mandato, a Xunta Xestora continuará á fronte da RFEA ata que se convoquen eleccións quadriennais á Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia.

Finalizado o proceso electoral, a duración do mandato da persoa que pase a ocupar a Presidencia será igual ao tempo que lle restase por cumprir ao seu predecesor, transcorrido o cal deberán convocarse eleccións.

**2.** No suposto de que un ou varios membros da Asemblea Xeral ou Comisión Delegada cesasen ou perdesen a súa condición ou requisitos de elixibilidade antes da finalización do seu mandato, a Xunta Electoral procederá substituíndoos polos candidatos non elixidos que tiveran obtido maior número de votos polo seu estamento e circunscrición, previa aceptación do nomeamento.

De non ser posible esta opción, por falta de candidatos ou por terse esgotado xa os dispoñibles, procederase na forma que estableza o Regulamento electoral, ben celebrando eleccións parciais, ben optando por deixar vacante o posto.

O contido do presente artigo será suplementario da regulación que poida establecerse en particular, polo Regulamento electoral, para a cobertura de vacantes como membro do resto de órganos electivos da RFEA.

## **CAPÍTULO III. A MOCIÓN DE CENSURA**

### **Artigo 103. Da moción de censura**

**1.** A persoa que ocupe a presidencia da RFEA poderá ser obxecto dunha moción de censura, a proposta de polo menos un terzo dos integrantes da Asemblea Xeral, incorporando na solicitude unha candidatura substitutiva.

**2.** A moción de censura será obxecto de regulación no Regulamento Electoral da RFEA, suxeito ao cumprimento da lexislación aplicable.

**3.** Sen prexuízo do anterior, serán regras básicas da moción de censura:

- a) Non poderá presentarse ata transcorridos seis meses de mandato nin cando resten menos de seis meses para o comezo do ano natural en que proceda realizalas, salvo que a lexislación aplicable estableza outros prazos diferentes.
- b) A súa tramitación e tutela corresponderalle á Xunta Electoral.
- c) A Asemblea Xeral que a aborde só poderá ter ese punto da orde do día, será necesariamente presencial e estará presidida polo membro de maior idade. Nela, a representación das Federacións deportivas autonómicas integradas corresponderalle exclusivamente ao seu presidente.
- d) A votación será directa e secreta, non cabendo delegación.



- e) A súa aprobación esixirá alcanzar a maioría absoluta, entendida como un número de votos que supere a metade do número total de membros da Asemblea Xeral.
- f) Os conflitos que poidan xurdir nesta materia terán natureza privada.

## TÍTULO VIII: RÉXIME ECONÓMICO

### Artigo 104. Consideracións preliminares

1. A RFEA está suxeita ao réxime de administración e xestión de presuposto e patrimonio das Federacións deportivas españolas, séndolle de aplicación as seguintes regras:

- a) Pode promover e organizar actividades e competicións deportivas dirixidas ao público, debendo aplicar os beneficios económicos, se os houberse, ao desenvolvemento do seu obxecto social.
- b) Pode gravar e peñar os seus bens inmobles, tomar diñeiro prestado e emitir títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, sempre que ditos negocios xurídicos non comprometan de modo irreversible o seu patrimonio ou o seu obxecto social. Cando se trate de bens inmobles que teñan sido financiados, en todo ou en parte, con fondos públicos da Administración Xeral do Estado, será preceptiva a autorización do Consello Superior de Deportes para o seu gravame ou peñoramento.
- c) Pode exercer, complementariamente, actividades de carácter económico, comercial, profesional ou de servizos que garden conexión co seu obxecto social, e destinar os seus bens e recursos aos mesmos obxectivos de desenvolvemento ou deportivos, pero en ningún caso poderá repartir beneficios entre os seus membros.

2. A RFEA deberá dispoñer de libros e rexistros contables, nos termos que se indique no Título correspondente ao réxime documental dos presentes estatutos, e os regulamentos que poidan desenvolvelo.

### Artigo 105. Patrimonio e recursos económicos

1. O Patrimonio da RFEA está integrado polos bens e dereitos cuxa titularidade lle corresponda.

2. Son recursos económicos da RFEA:

- a) As subvencións e axudas públicas e privadas que poida percibir.
- b) As herdanzas, legados e donacións que se lle outorguen, así como os premios económicos que poida obter.
- c) As cotas de afiliación ou participación en actividades deportivas, formativas ou de calquera outra natureza.
- d) Os gastos de xestión, e os dereitos pola expedición de certificados e documentos.
- e) Os avais feitos efectivos, cando non proceda regulamentariamente a súa anulación, así como os recargos ou intereses de mora.
- f) As multas e sancións de carácter económico.
- g) As cotas de amortización de anticipos, empréstitos e outras operacións de crédito concedidos pola Federación con cargo aos seus recursos, así como as rendas dos inmobles e dos valores da súa carteira, intereses de conta corrente e produtos de peñoramento de bens propios.
- h) Os froitos, rendas e intereses dos seus bens patrimoniais.
- i) Os beneficios que produzan a comercialización, amplamente entendida, das competicións, actividades, acontecementos e eventos deportivos que organice, as seleccións nacionais e o a súa imaxe corporativa.
- j) Os rendementos que produzan as demais actividades que desenvolva.
- k) Calquera outro tipo de recurso que poida serlle atribuído por disposición legal, convenio, contrato ou outro negocio ou instrumento xurídico, o que obteña de maneira acorde á lexislación vixente.

## **Artigo 106. Presuposto**

A Asemblea Xeral da RFEA, a proposta do Consello Directivo (previo informe da Comisión Delegada e da Comisión ou Delegado de control económico), aprobará o presuposto de cada exercicio económico, no que se reflectirá o conxunto de ingresos e gastos previstos.

O proxecto de presuposto (que responderá ao principio de caixa única, dedicando os ingresos propios de forma prioritaria aos gastos de estrutura) remitirase polo menos quince días naturais antes da data de celebración da Asemblea Xeral e presentarase nivelado e estruturado por programas e conceptos, acompañándose a documentación que legal ou estatutariamente proceda.

As posibles modificacións do presuposto, que o serán a proposta do Consello Directivo, serán aprobadas pola Comisión Delegada, respectando as limitacións establecidas.

## **Artigo 107. Contas anuais**

**1.** Finalizado o exercicio, o Consello Directivo someterá á Asemblea Xeral, previo informe da Comisión Delegada e da Comisión ou Delegado de Control Económico, as contas anuais, con suficiente especificación de partidas e, dentro destas, dos conceptos concretos, de modo que sexa perfectamente entendible o seu resultado e a orixe do déficit, superávit ou equilibrio, non só no seu conxunto, senón tamén nas diversas partidas e conceptos.

En caso de superávit a Asemblea Xeral, a proposta do Consello Directivo, decidirá o destino do mesmo, que en ningún caso poderá consistir na súa distribución entre os membros e integrantes da RFEA.

**2.** As contas anuais da RFEA serán sometidas a unha auditoría anual externa, que se lle remitirá ao Consello Superior de Deportes, sen prexuízo da facultade deste de poder acordar a realización de auditorías complementarias, nos termos legais establecidos. A auditoría realizarase na forma establecida para as entidades de xuro público.

A RFEA, e calquera outra persoa xurídica vinculada, participada ou dependente da mesma ou sobre a que exerza unha influencia decisiva e que contribúa á realización das súas actividades, estarán obrigadas a facilitar tanta información fora necesaria para realizar os traballos de auditoría de contas.

**3.** A liquidación do presuposto anual remitiráselles aos membros da Asemblea Xeral de forma individual e farase pública na web da federación, xunto coa convocatoria da Asemblea Xeral ordinaria, polo menos quince días naturais antes da súa celebración.

## **Artigo 108. Disposición de fondos**

**1.** Os fondos da RFEA depositaranse nunha ou varias contas corrientes dunha ou varias entidades bancarias ou caixas de aforros, sendo o seu único titular a Federación. Non obstante, poderá conservarse na sede da RFEA, en efectivo e/ou a través dunha tarxeta de prepago, a cantidade que, dentro do límite que se estableza, sexa considerada precisa para poder atender pequenos gastos.

**2.** As formas de pago, Procedementos, órganos competentes e precaucións en materia de aprobación dos gastos e ordenación dos pagos serán obxecto de regulación no Regulamento de gobernanza e organización interna da RFEA.

**3.** En calquera caso, as disposicións de fondos con cargo á RFEA deberán ser autorizadas polo menos por dúas persoas, das que unha deberá ser o Presidente ou a persoa en quen delegue a tales efectos. Poderán exceptuarse diso os gastos que non superen a contía que, referida ao caso

concreto e/ou ao volume mensual acumulado, se estableza, así como aqueles gastos que acrediten total urxencia e inmediatez, por circunstancias extraordinarias e sobrevidas, se non fora posible obter dita conformidade múltiple, nos termos que estableza o Regulamento de goberno e organización interna da RFEA.

### **Artigo 109. Libros de contabilidade**

1. A RFEA levará, debidamente actualizados e na forma legalmente establecida, os libros de contabilidade esixidos pola lexislación aplicable, así como os de carácter auxiliar que se estimen oportunos, tendo en conta as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade que poidan aprobarse respecto das Federacións Deportivas, co fin de que poida coñecerse en calquera momento a situación contable e financeira, e as operacións realizadas.

Nos libros de contabilidade figurarán, polo menos, tanto o patrimonio como os dereitos e obrigas, ingresos e gastos, con especificación da orixe de aqueles e o destino destes.

2. A responsabilidade da levanza e custodia dos libros de contabilidade da RFEA e os documentos contables e contractuais inherentes, así como da autorización para o seu acceso ou consulta, é responsabilidade da Dirección executiva, que poderá limitarlle total ou parcialmente atendendo á lexitimación, obxecto e contido (en particular, confidencial ou sensible), cabendo recurso contra a súa decisión ante o Consello Directivo da RFEA no prazo de cinco días hábiles.

### **Artigo 110. Control económico**

A Comisión Delegada da RFEA, a proposta da Comisión ou do Delegado de control económico e previo informe do Consello Directivo, establecerá o seu sistema de control económico interno, que poderá basarse na intervención previa de dita Comisión ou Delegado e/ou no control financeiro posterior por núcleos de actividade.

O acordo adoptado revestirá a forma de Regulamento de control económico, que incorporará o contido relativo á regulación do control económico que se lles realice ás entidades afiliadas.

### **Artigo 111. Prevención da insolvencia**

1. No momento en que se teña coñecemento de que a RFEA puidera atoparse ou se atopara en situación de probabilidade de insolvencia nos termos definidos pola lexislación do concurso, procederase por parte da Presidencia a poñelo de inmediato en coñecemento do Consello Superior de Deportes, acompañando un informe elaborado a tal efecto no que se detallarán as causas da situación e os medios propios con que conte para superala.

En tal caso, e en tanto se adopte a decisión que proceda por parte do Consello Superior de Deportes, remitírselle mensualmente a dito organismo un informe detallado contendo información sobre a evolución da situación.

2. Se como consecuencia da comunicación a que fai referencia o apartado anterior, ou atendendo á información dispoñible, o Consello Superior de Deportes requirise á RFEA a presentación dun plan de viabilidade, este se axustará aos seguintes requisitos:

- a) Deberá remitírselle ao Consello Superior de Deportes nun prazo máximo de dous meses desde a recepción da comunicación anteriormente indicada, podendo propoñer aquel a realización de modificacións ao mesmo.
- b) Ata que o plan de viabilidade non sexa definitivo, deberá remitirse mensualmente o informe ao que fai referencia o apartado anterior.
- c) O plan de viabilidade definitivo será vinculante para a RFEA, e o seu cumprimento levarase a cabo baixo a supervisión do Consello Superior de Deportes.

d) En tanto non se teña cumprido o plan de viabilidade, a aprobación dos presupostos da RFEA requirirá informe preceptivo e vinculante do Consello Superior de Deportes.

O Consello Superior de Deportes poderá determinar se se cumpriu o plan de viabilidade e establecer as consecuencias do seu posible incumprimento.

**3.** Naquelo non previsto neste artigo ou na lexislación deportiva aplicable, estarase ao establecido na lexislación do concurso.

## TÍTULO IX: DO RÉXIME DOCUMENTAL

### Artigo 112.

**1.** O réxime documental da RFEA estará constituído polos seguintes libros:

- a) Libros de contabilidade, nos termos establecidos no Título correspondente ao réxime económico.
- b) Libro-rexistro de Federaci3ns deportivas auton3micas de atletismo integradas e Delegaci3ns RFEA.
- c) Libro-rexistro de licenzas de persoas f3sicas e entidades deportivas membro.
- d) Libro-rexistro de obtenci3n de outros t3tulos de habilitaci3n.
- e) Libros de actas de todos os 3rganos, comit3s e comisi3ns da RFEA, cuxa levanza efectuarase nos termos establecidos pola lexislaci3n administrativa, sen prexuízo do que dispoñan os presentes estatutos ou o Regulamento de goberno e organizaci3n interna.
- f) Libro-rexistro de sancions.
- g) Libro-rexistro de recompensas, honores e distincions.
- h) Libro-rexistro de titulaci3ns e t3tulos concedidos e recoñecidos.
- i) Aqueles outros que poidan establecerse na lexislaci3n vixente, ou os Estatutos, Regulamentos e Normativas da RFEA.

**2.** Os libros poder3n confeccionarse en soporte papel ou dixital, de acordo co que dispoña o Consello Directivo, deb3ndose garantir neste 3ltimo suposto a existencia dunha copia actualizada coa periodicidade que se estableza.

A organizaci3n e contido concreto de cada un dos libros, as3 como a forma de levarlos, establecerase mediante Normativa.

**3.** A levanza e custodia dos libros ser3 responsabilidade da Direcci3n executiva, que co visto bo da persoa que ocupe a presidencia da RFEA poder3 delegala, a excepci3n das dos libros de contabilidade e de actas de Asembleas Xerais, Comisi3ns Delegadas, Consellos Directivos e Comit3 Executivos, que ser3 indelegable.

### Artigo 113.

**1.** Os libros federativos, que deber3n levarse de xeito que se garante a s3a integridade e cronolox3a e debidamente actualizados, quedar3n custodiados no domicilio ou nos servidores utilizados a tal fin pola RFEA, coas debidas medidas de seguridade, e sen posibilidade de sacar os que se leven en soporte papel da sede federativa.

**2.** Corresp3ndelle ao Consello Directivo da RFEA establecer as condici3ns ou requisitos para levar a cabo a petici3n de acceso aos libros ou documentaci3n federativa, que non implica o dereito 3 obtenci3n de copia dos mesmos nin a realizaci3n de fotograf3as ou descargas, para o que se requirir3 a oportuna autorizaci3n.

En calquera caso, recoñecer3selle o acceso aos membros dos 3rganos da RFEA, en particular Presidencia, Asemblea Xeral, Comisi3n Delegada, Consello Directivo, Delegado de salvagarda e protecci3n, Delegado de cumprimento normativo e Comisi3n ou Delegado de control econ3mico, acreditando que se realiza con ocasi3n ou para o desempe3o de ditos cargos.

En relaci3n ao resto de membros de 3rganos, comit3s ou comisionados, ou integrantes da RFEA, deber3 xustificarse a lexitimaci3n e a finalidade do acceso, as3 como a informaci3n concreta que se pretende consultar, podendo denegarse a petici3n pola Direcci3n Executiva cando se considere que non existe lexitimaci3n, que non est3 xustificada ou que se trata dunha petici3n prospectiva,

ou cando a información buscada resulta especialmente sensible ou pode vulnerar o dereito á intimidade ou á protección de datos de terceiros. Contra dita denegación caberá interpoñer recurso ante o Consello Directivo no prazo de cinco días hábiles.

O dereito de acceso e consulta ao que se refiren os parágrafos anteriores, no caso dos libros de contabilidade e rexistro de sancións da RFEA, tramitarase a través da Dirección executiva.

4. En calquera caso, terán dereito de acceso e inspección dos libros da RFEA as autoridades xudiciais e administrativas, en exercicio das funcións legalmente atribuídas, e en particular o Consello Superior de Deportes e o Tribunal Administrativo do Deporte.

## **TÍTULO X: DAS RECOMPENSAS, HONORES E DISTINCIÓNS**

### **Artigo 114.**

- 1.** A RFEA poderá outorgar recompensas, honores e distincións para premiar a colaboración e/ou os méritos relevantes<sup>6</sup> contraídos polas persoas físicas e entidades públicas e privadas, españolas ou estranxeiras, respecto do atletismo ou na súa condición de membros da organización.
- 2.** Os tipos de recompensas, honores e distincións que poderán outorgarse, así como os méritos precisos para a súa consecución, os órganos competentes para propoñelos e outorgalos, e todo o relativo ao Procedemento de concesión e posible revogación, constará na Normativa de recompensas, honores e distincións, que aprobará o Consello Directivo.
- 3.** As recompensas, honores e distincións concedidas serán obxecto de rexistro no Libro de recompensas, honores e distincións da RFEA.



## **TÍTULO XI: DO RÉXIME DISCIPLINARIO**

### **Artigo 115. Potestade disciplinaria**

1. Para garantir o cumprimento por parte dos seus integrantes da lexislación e normativa aplicable, a RFEA poderá impoñer sancións aos seus membros e integrantes. Ditas sancións poderán ter natureza disciplinaria deportiva ou de disciplina social, nos termos previstos respectivamente nos seguintes Capítulos.

2. Por medio do acto de afiliación, que se materializa por medio da expedición ou habilitación da licenza estatal ou outros títulos de habilitación, ou a integración na RFEA, as persoas físicas e xurídicas afiliadas recoñecen a súa potestade disciplinaria e quedan obrigadas a someterse e acatar as decisións dos órganos disciplinarios, autorizando a posible publicación das sancións impostas en taboleiros físicos e na páxina web oficial federativa, co contido e restricións que se poidan establecer regulamentariamente.

### **Artigo 116. Disposicións comúns**

1. A regulación disciplinaria da RFEA, sen prexuízo do contido da lexislación vixente e do dos presentes estatutos, tanto deportiva como social, constará no Regulamento de disciplina que se aprobe a tal efecto, e que deberá ser ratificado polo Consello Superior de Deportes.

2. Serán aplicables tanto aos Procedementos disciplinarios deportivos como aos de disciplina social as seguintes consideracións:

- a) As sancións e medidas provisionais e cautelares deberán impoñerse, previa tramitación dun expediente no que se garanta o dereito de audiencia e o dereito a recurso, polos órganos disciplinarios competentes, de acordo co previsto no Título referido á estrutura orgánica da RFEA dos presentes Estatutos.
- b) Só se poderán impor sancións persoais directas de carácter económico ás persoas físicas cando perciban retribución polo desenvolvemento da actividade para a que contan con licenza ou título de habilitación, salvo que a lexislación vixente prevexa expresamente dita posibilidade. Queda a salvo do anterior a posibilidade de impoñer sancións accesorias á entidade para a que, no seu caso, presten os seus servizos ou realicen a súa actividade.
- c) No caso dos menores de idade, xunto coas sancións que se impoñan poderán acordarse sancións ou medidas accesorias de carácter educativo. Atendendo á natureza e ás circunstancias da infracción, estas medidas poderán substituír á sanción a impoñer.
- d) As sancións que se impoñan serán directa e inmediatamente executivas desde a súa publicación e/ou notificación, de acordo co que se estableza regulamentariamente.
- e) A responsabilidade disciplinaria será compatible coa obriga de restaurar a situación alterada pola infracción ao seu estado orixinario, e coa indemnización por danos e prexuízos que poida proceder. De igual modo, será compatible coa responsabilidade administrativa e penal que puidera dimanar da infracción cando non exista identidade entre os suxeitos, feitos e fundamento ou ben xurídico protexido, sen prexuízo da posibilidade de suspender a tramitación do Procedemento ata que se dicte resolución xudicial firme e de poder adoptar medidas provisionais ou cautelares ao suspendelo.
- f) Todos os Procedementos disciplinarios, tanto deportivos como sociais, constarán dunha dobre instancia en seno federativo, atribuída a órganos diferentes e independentes entre si.
- g) A resolución que poña fin ao Procedemento establecerá claramente o prazo e as vías de recurso existentes contra a mesma.

## **CAPÍTULO I: RÉXIME DISCIPLINARIO DEPORTIVO**

### **Artigo 117. Potestade disciplinaria deportiva da RFEA**

A RFEA posúe potestade disciplinaria deportiva sobre todos os seus componentes, no referente ás infraccións ás regras de xogo ou competición, a súa aplicación e a organización das competicións.

O exercicio desta potestade deberá axustarse ao disposto na Lei do deporte e as súas disposicións de desenvolvemento, sendo aplicables os principios de peculiaridade, responsabilidade, proporcionalidade, audiencia e demais elementos que conforman os principios xerais do Dereito sancionador.

### **Artigo 118. Procedemento disciplinario deportivo**

**1.** O procedemento disciplinario deportivo da RFEA, e en particular o referente á adopción de medidas provisionais, a tipificación de infraccións e sancións (clasificadas atendendo á súa gravidade), a competencia dos órganos disciplinarios, as normas de Procedemento, as circunstancias modificativas e extintivas da responsabilidade, e o sistema de recursos contra as resolucións adoptadas será establecido no Regulamento disciplinario da RFEA.

**2.** Sen prexuízo do contido da lexislación vixente, o artigo referido ás disposicións comúns e o disposto no presente Capítulo, son criterios básicos regulatorios do Procedemento disciplinario deportivo da RFEA:

- a) Recoñécese a presunción de veracidade, salvo proba en contrario, das actas, anexos e declaracións dos xuíces e oficiais designados pola RFEA.
- b) O prazo de caducidade do Procedemento é de seis meses.
- c) O Procedemento iniciarase de oficio por acordo do órgano competente, por propia iniciativa, a requerimento da presidencia do Consello Superior de Deportes, a petición razonada doutros órganos ou por denuncia.
- d) Durante a tramitación do Procedemento e incluso antes da incoación (en casos moi graves e xustificadas), e durante a sustanciación dos recursos, poderán adoptarse medidas provisionais e cautelares.
- e) A responsabilidade derivada das infraccións extinguirase polo falecemento do infractor, a extinción da persoalidade xurídica da entidade deportiva sancionada (trasladando a responsabilidade aos membros dos órganos de goberno) o por prescripción da infracción.
- f) A responsabilidade derivada das sancións impostas extínguese polo seu cumprimento ou pola prescripción do dereito a esixir o seu cumprimento.
- g) A imposición das sancións será proporcionada e considerará especialmente para a súa gradación o grao de culpabilidade ou a existencia de dolo, a continuidade ou persistencia na conduta infractora, a natureza dos prexuízos causados e a reincidencia.
- h) A denuncia de infraccións nas que se interviu poderá xerar no denunciante os efectos favorables legalmente previstos.
- h) Contra as resolucións adoptadas caberá interpoñer recurso de apelación, e posteriormente os interesados poderán acudir aos Procedementos de solución extraxudicial de conflitos, aos órganos xurisdiccionais competentes ou ao Tribunal Administrativo do Deporte, segundo corresponda atendendo á natureza e extensión da sanción.

### **Artigo 119. Infraccións e sancións**

1. As infraccións sancionables, que se dividirán en moi graves, graves e leves, serán tipificadas no Regulamento disciplinario da RFEA, sen prexuízo da sancionabilidade de aquelas que o sexan legal ou regulamentariamente, sen necesidade de traslación.

2. As sancións aplicables ás infraccións previstas no apartado anterior constarán, divididas tamén en moi graves, graves e leves, así como as circunstancias modificativas e eximentes da responsabilidade disciplinaria, no Regulamento disciplinario da RFEA, sen prexuízo de poder aplicar as previstas legal ou regulamentariamente sen necesidade de traslación.

## **CAPÍTULO II: RÉXIME DISCIPLINARIO SOCIAL**

### **Artigo 120. Potestade disciplinaria en vía social**

Con independencia da potestade disciplinaria deportiva prevista no Capítulo anterior, a RFEA posúe potestade disciplinaria social sobre todos os seus componentes, no referente ás infraccións constitutivas do incumprimento das normas legais, estatutarias, regulamentarias, normativas e acordos sociais que non constitúan infraccións ás regras de juego ou competición, a súa aplicación nin a organización das competicións.

### **Artigo 121. Procedemento disciplinario social**

1. O procedemento disciplinario social da RFEA, e en particular o referente á adopción de medidas provisionais, a tipificación de infraccións e sancións (clasificadas atendendo á súa gravidade), a competencia dos órganos disciplinarios, as normas de Procedemento, as circunstancias modificativas e extintivas da responsabilidade, e o sistema de recursos contra as resolucións adoptadas será establecido no Regulamento disciplinario da RFEA. Terá como suplementaria a regulación do procedemento disciplinario deportivo.

2. Sen prexuízo do contido da lexislación vixente, o artigo referido ás disposicións comúns e o disposto no presente Capítulo, son criterios básicos regulatorios do Procedemento disciplinario social da RFEA:

- a) O prazo de caducidade do Procedemento é dun ano.
- b) O procedemento iníciase por acordo do órgano competente, a requirimento da presidencia da RFEA, a Asemblea Xeral, a Comisión Delegada, o Consello Directivo, o Delegado de salvagarda e protección, o Delegado de cumprimento normativo ou o Comité Asesor.
- c) Durante a tramitación do Procedemento e incluso antes da incoación (en casos moi graves e xustificados), e durante a sustanciación dos recursos, poderán adoptarse medidas provisionais e cautelares.
- d) A responsabilidade derivada das infraccións extingúese, entre outras causas, polo falecemento do infractor, a extinción da persoalidade xurídica da entidade deportiva sancionada (trasladando a responsabilidade aos membros dos órganos de goberno) ou por prescrición da infracción.
- e) A responsabilidade derivada das sancións impostas extingúese, entre outras causas, polo seu cumprimento, pola realización voluntaria de actividades substitutivas ou pola prescrición do dereito a esixir o seu cumprimento.
- f) A imposición das sancións será proporcionada e considerará para a súa gradación, entre outras causas, o grao de culpabilidade ou a existencia de dolo, a continuidade ou persistencia na conducta infractora, a natureza dos prexuízos causados e a reincidencia.
- g) A denuncia de infraccións nas que se interveu poderá xerar no denunciante os efectos favorables legalmente previstos.

- h) Contra as resolucións adoptadas caberá interpoñer recurso de apelación, e posteriormente os interesados poderán acudir aos Procedementos de solución extrajudicial de conflitos ou aos órganos xurisdiccionais competentes.

### **Artigo 122. Infraccións e sancións**

**1.** Son infraccións disciplinarias de natureza social os incumprimentos dos Estatutos, Regulamentos, Normas internas e reguladoras, políticas e Procedementos da RFEA, así como en particular do Código ético e de conducta, da Normativa sobre salvagarda e protección da RFEA, do Regulamento de goberno e organización interna e dos acordos dos distintos órganos federativos e as Circulares, sempre que non se atopen incardinados dentro do ámbito sancionador ou disciplinario deportivo previsto na Lei do deporte e as súas disposicións de desenvolvemento.

O Regulamento disciplinario da RFEA desenvolverá e concretará no posible estes incumprimentos, que serán constitutivas de infraccións moi graves, graves o leves atendendo principalmente ao tipo de incumprimento, a natureza da conducta, as súas consecuencias e as circunstancias de comisión.

**2.** As sancións aplicables ás infraccións previstas no apartado anterior constarán, divididas tamén en moi graves, graves e leves, así como as circunstancias modificativas e eximentes da responsabilidade disciplinaria social, no Regulamento disciplinario da RFEA.

## **TÍTULO XII: SOLUCIÓN EXTRAJUDICIAL DE CONFLICTOS**

### **Artigo 123. Conflictos coa RFEA como parte interesada**

**1.** A RFEA establecerá, por vía regulamentaria ou por medio de acordo da Asemblea Xeral, un sistema común extraxudicial de solución de conflitos da RFEA cos seus integrantes, que se axustará aos requisitos que a tal fin estableza o Consello Superior de Deportes.

Dicho sistema, ao que se poderán someter os conflitos que versen sobre materias de natureza privada e libre disposición das partes, será obxecto da debida publicidade, terá carácter voluntario e será gratuíto para os atletas e demais persoas físicas que se determine, as que deberán manifestar a súa aceptación expresa do mesmo.

**2.** Contra os laudos ou acordos que poidan adoptarse no marco do sistema extraxudicial de solución de conflitos a que se refire o apartado anterior poderá exercitarse a acción de anulación ou solicitarse a revisión ante a xurisdición civil nos termos previstos no título VII da Lei 60/2003, de 23 de decembro, de Arbitraje, ou a acción de nulidade, de acordo co disposto no artigo 23.4 da Lei 5/2012, de 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, ou normas que as substitúan.

**3.** Se o sistema común adoptado fora de carácter internacional, a súa regulación establecerá a forma de execución dos laudos ou acordos que poidan adoptarse, sen prexuízo do establecido na Lei 60/2003, de 23 de decembro, de Arbitraje, e na Lei 5/2012, de 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, ou normas que as substitúan.

### **Artigo 124. Conflictos entre membros da RFEA**

Os conflitos que os membros e integrantes da RFEA teñan entre sí, e que garden relación coa súa condición de tales versando sobre materias de natureza privada e libre disposición das partes, poderán ser sometidos, voluntariamente e de mutuo acordo, ao sistema previsto no artigo anterior o ao Comité de Resolución Alternativa de Conflictos da RFEA previsto no Título IV dos presentes estatutos.

## **TÍTULO XIII: DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA RFEA**

### **Artigo 125. Causas de disolución**

A RFEA disolverase:

- a) Por acordo adoptado polo menos dous terzos da totalidade dos membros da Asemblea Xeral, reunida en sesión extraordinaria, que será elevado ao Consello Superior de Deportes.
- b) Pola revocación do seu recoñecemento polo Consello Superior de Deportes.
- c) Por resolución administrativa ou xudicial firme.
- d) Polas demais causas que poida establecer o Ordenamento Xurídico.

### **Artigo 126. Procedemento**

**1.** Acordada a disolución da RFEA, a Asemblea Xeral deberá elixir unha Comisión liquidadora que constará de quince membros, con idénticos criterios de proporcionalidade e elección que a Comisión Delegada, cuxa regulación suplementaria será a desta.

Ata a liquidación final, o Consello Directivo constituirase en Xunta Xestora, actuando baixo a dirección da Comisión liquidadora xunto á persoa que ocupe a Dirección executiva, co fin de elaborar a proposta de liquidación oportuna, que deberá efectuarse no prazo máximo de seis meses.

**2.** A proposta de liquidación será elaborada pola Comisión liquidadora, previo informe da Comisión de control económico que se lle acompañará á mesma, e que será sometida á aprobación da Asemblea Xeral, requirindo a súa aprobación a maioría simple dos seus membros.

No suposto de non ser aprobada, a Comisión de control económico realizará unha segunda proposta de liquidación, non antes do transcurso dun mes, que lle será proposta á Asemblea Xeral para a súa ratificación por maioría simple dos asistentes e que, en calquera caso, elevarase ao Consello Superior de Deportes para a súa aprobación.

### **Artigo 127. Destino do posible patrimonio neto**

Acordada a disolución e executada a liquidación, o patrimonio neto da Federación, se o houbese, destinarase ao Consello Superior de Deportes, quen o aplicará á realización de actividades análogas de interés xeral, procurando que se destine a aquelas que garden relación co atletismo.

## DISPOSICIÓN FINAIS

### PRIMEIRA. CÓMPUTO DE PRAZOS

Para unha maior claridade, como norma xeral e exceptuándose exclusivamente aqueles supostos en que se indique expresamente o contrario, todos os prazos que constan nos presentes Estatutos e Regulamentos da RFEA computaranse suplementariamente nos termos previstos na lexislación administrativa.

No caso dos prazos expresados en días hábiles, ou en días (pero sen indicar a súa condición de hábil ou natural), aclárase que:

- O son sobre días hábiles, excluíndose por tanto do cómputo os sábados, domingos e os días declarados oficialmente festivos na cidade sede da RFEA, oficial ou no seu caso, temporalmente, de acordo co disposto no artigo 3.1.
- Exclúese da consideración anterior o suposto de que o prazo indique expresamente que é en "días naturais", en cuxo caso se computarán todos sen excepción; non obstante, se o último día dese prazo fose sábado, domingo ou festivo na Cidade sede da RFEA (actualmente, Madrid), prorrogarase ao seguinte día hábil en dita Cidade, que pasará a ser o último do prazo.
- Cando se estableza un prazo xenérico (por exemplo, "ata o 31 de outubro"), se dita fecha fose sábado, domingo ou festivo na Cidade sede da RFEA (actualmente, Madrid), tamén se prorrogará ao seguinte día hábil en dita Cidade, que pasará a ser o último do prazo.
- A caducidade ou preclusión do prazo producirase sen necesidade de intimación ou advertencia previa algunha por parte da RFEA.

## **DISPOSICIÓN DEROGATORIAS E TRANSITORIAS**

### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

Quedan derogados os Estatutos da RFEA ata agora vixentes, sen prexuízo de que o seu contido poida ser utilizado, suplementariamente, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan existir, no que non contradiga a lexislación aplicable.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA**

Os Regulamentos e Normativas da RFEA seguirán vixentes en todo o que non resulten incompatibles cos presentes Estatutos e a lexislación aplicable, ata a súa actualización. A súa interpretación, non obstante, deberá realizarse de maneira acorde co novo marco normativo.

En particular, manterase vixente a regulación disciplinaria deportiva habilitada de acordo co contido dos anteriores estatutos, en tanto se manteña aplicable a Disposición transitoria terceira da Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA**

As Federacións deportivas das Comunidades e Cidades autónomas de atletismo actualmente recoñecidas e integradas na RFEA, sen mediar Convenio, manterán dita condición a todos os efectos, salvo acordo expreso destas en contrario, adoptado de xeito válido con respecto e notificado a tal fin. Non obstante, deberá formalizarse o oportuno Convenio.

Os convenios de integración subscritos polas Federacións deportivas autonómicas de atletismo coa RFEA con anterioridade á entrada en vigor dos presentes Estatutos seguirán vixentes, sen prexuízo da necesidade da súa adaptación á Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA**

O sistema extraxudicial de conflitos entre a RFEA e os seus integrantes previsto no artigo 123 destes Estatutos só será obxecto de regulación e entrada en vigor unha vez que se produza o desenvolvemento regulamentario a que alude o artigo 119 da Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte. Ata que iso se produza, poderá utilizarse o Panel arbitral de resolución de conflitos previsto no artigo 60.